



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de DECEMBRO de 2022 (1342/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta minutos do día trinta de decembro de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

O Sr. Aneiros Pereira e a Sra. Aguiar Castro incorpóranse a reunión en modo online por causas xustificadas.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1100).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(1101).- AMPLIACIÓN DO PRAZO DOS LOTES 1 E 2 DO CONTRATO DE SUBMINISTRO PARA A MODERNIZACIÓN E MELLORA DA DISPOÑIBILIDADE E CAPACIDADE DA INFRAESTRUTURA DE PROCESO DE DATOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 9887/113.

Dáse conta do informe-proposta de data 29/12/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e polo interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (LHL)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto de subministro para a modernización e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto de subministro para a modernización e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 1 de setembro de 2022 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, autorizar o gasto, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación do subministro para a modernización, e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, acordou adxudicar este contrato:



Concello de Vigo

- A ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L., o lote 2 na sesión ordinaria do 3 de novembro de 2022.
- A INFORHOUSE S.L., o lote 1 na sesión ordinaria do 24 de novembro de 2022.

Terceiro.- Os contratos formalizáronse:

- O lote 1 o 22 de decembro de 2022.
- O lote 2 o 5 de decembro de 2022.

A súa execución comezou ao día seguinte ao da formalización.

Cuarto.- En datas 20 e 21 de decembro de 2022, respectivamente, ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L., e INFORHOUSE, S.L, presentan sendos escritos no Rexistro Xeral deste Concello poñendo de manifesto a imposibilidade de cumprir o prazo de execución por mor da indispoñibilidade no mercado de determinados compoñentes necesarios para a fabricación do equipamento obxecto do contrato, polo que solicitan unha ampliación do mesmo.

Quinto.- Á vista das citadas solicitudes solicitouse informe ao servizo xestor do contrato, que foi evacuado en data 28 de decembro de 2022 polo xefe de Administración Electrónica, a sazón, responsable do contrato.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Da ampliación do prazo de execución dos contratos

A LCSP establece a obriga do contratista de cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais se se fixasen no artigo 193. No artigo 195 establece o réxime da mora na execución. Neste artigo prevé a posibilidade de ampliar o prazo de execución dos contratos, condicionada ao cumprimento de determinados requisitos. Así, segundo o apartado 2 deste artigo “Si

el retraso fuese producido por motivos no imputables al contratista y este ofreciera cumplir sus compromisos si se le amplía el plazo inicial de ejecución, el órgano de contratación se lo concederá dándosele un plazo que será, por lo menos, igual al tiempo perdido, a no ser que el contratista pidiese otro menor. El responsable del contrato emitirá un informe donde se determine si el retraso fue producido por motivos imputables al contratista”.

Os requisitos, ou presupostos necesarios, que esixe a lei para poder ampliar o prazo de execución dun contrato son os seguintes:

- A demora na execución do contrato non debe ser imputable ao contratista.
- O contratista debe comprometerse a cumprir os seus compromisos.

Analizaremos se concorren no presente caso estes requisitos. Os adxudicatarios dos lotes 1 e 2 do presente contrato, INFORHOUSE, S.L, e ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L., presentaron sendos escritos, de 21 e 20 de decembro de 2022 respectivamente, poñendo de manifesto a imposibilidade de cumprir o prazo de execución por mor da indispoñibilidade no mercado de determinados compoñentes necesarios para a fabricación do equipamento obxecto do contrato, circunstancia que non lles resulta imputable, senón que é froito da conxuntura internacional. Solicitan unha ampliación de prazo e se comprometen a cumprir coas obrigas derivadas do contrato. Podemos concluír, pois, á vista dos mesmos, que a priori se cumpren os requisitos esixidos pola lei.

Se ben a lei, para comprobar esta circunstancia, como trámite específico do procedemento de ampliación do prazo, esixe un informe do responsable do contrato que poña de manifesto se a demora na execución é imputable ao contratista, ou non. Consta no expediente un informe do responsable do contrato, de data 28 de decembro, que dí:

“As dúas empresas adxudicatarias dos lotes 1 e 2 do procedemento aberto expediente 9887-113 solicitan prórroga de execución de 3 meses, ata o 31 de marzo de 2023.

No apartado 4 das FEC (ANEXO 1) do prego de cláusulas administrativas deste contrato de dous lotes, establecíase un prazo de execución para o subministro de 4 meses para ambos lotes e que este debía rematar necesariamente o 31 de decembro de 2022. Esa data viña determinada por estar dito subministro sometido a financiamento pola Unión Europea con fondos Next Generation.

Tendo en conta que foi concedida unha prórroga por parte do Ministerio de Política Territorial para a execución do dito subministro ata o 31/03/2023 (documentación anexada no expediente 9764-113, trámite 264) achéganse a continuación as consideracións sobre a solicitude dos contratistas.

As razóns aportadas polos contratistas son fundamentalmente debidas a que os fabricantes informan da extraordinaria indispoñibilidade de determinados compoñentes a nivel mundial que impide a finalización da fabricación e entrega en prazo do equipamento obxecto do contrato.



Concello de Vigo

Dada a coñecida carestía de compoñentes, en especial microchips, polas diferentes causas derivadas da situación mundial, e que non son imputables ós contratistas, considérase que unha ampliación do prazo é plausible e necesaria para o correcto subministro e instalación do equipamento, e que esta ampliación non supón un grave prexuízo para a consecución dos obxectivos da presente contratación.

A prórroga non afectaría as anualidades presupostarias previstas xa que se faría con cargo ó crédito do ano 2022 non consumido que se pasaría como remanente o exercicio 2023.

Polo tanto, considérase razoable acceder positivamente á solicitude de prórroga presentada polas dúas empresas contratistas sen aplicación das penalidades contempladas na cláusula 38 do prego de cláusulas administrativas polas que se rexe esta contratación. Todo isto sen prexuízo da posibilidade de imposición destas penalidades se se producira unha nova demora, por causas imputable os adxudicatarios, sobre o novo prazo fixado”.

A ampliación do prazo determina a lei que será igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista solicitase unha ampliación de prazo menor. No presente suposto os contratistas solicitan unha ampliación de prazo solicitan prórroga de execución de 3 meses, ata o 31 de marzo de 2023.

No apartado 4 das FEC do prego de cláusulas administrativas que rexe este contrato establece un prazo de execución para o subministro de 4 meses para ambos lotes, máis estableceuse a limitación de que se o contrato se adxudicaba con posterioridade a data prevista de inicio do contrato, o 1 de novembro de 2022, este prazo reduciríase e o contrato remataría necesariamente o 31 de decembro de 2022. Esta limitación fixouse por canto ao ser un contrato susceptible de financiarse con fondos Next Generation EU, a execución debería xustificarse a autoridade decisora antes desta data. No entanto, dito prazo foi ampliado ata o 31 de marzo, xa que foi concedida unha prórroga por parte do Ministerio de Política Territorial.

Dado que os contratos foron formalizados en datas 5 (lote 2) e 22 (lote 1) de decembro de 2022, comezando a súa execución ao día seguinte. Dado que ata a data presente so levamos 24 días de execución do lote 2 e 6 días de lote 1 dos 4 meses previstos de execución, a ampliación do prazo en 3 meses non supera o prazo inicial de execución previsto, polo que non existe inconveniente para acceder á mesma.

-III-

Das modificacións orzamentarias

Deberán reaxustarse as anualidades autorizadas por canto na anualidade de 2022 non se consumirán parte dos créditos autorizados, que deberán incorporarse como remanentes ao presuposto do ano 2023 (artigo 182 LHL).

-IV-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Ampliar en 3 meses o prazo de execución dos lotes 1 e 2 do contrato de subministro para a modernización, e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo previsto no apartado 4.A da FEC do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este contrato (artigo 195.2).

2º.- Deberán reaxustarse as anualidades autorizadas por canto na anualidade de 2022 non se consumirán parte dos créditos autorizados, que deberán incorporarse como remanentes ao presuposto do ano 2023 (artigo 182 LHL)”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1102).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO MIXTO DO SUBMINISTRO E SERVIZO DA INFRAESTRUTURA DE ALTA DISPOÑIBILIDADE E FERRAMENTAS PARA AUTOMATIZACIÓN DE CENTRALIZACIÓN DE CLAVES, CUSTODIA DE CERTIFICADOS, SELADO DE TEMPO E VALIDACIÓN DE CERTIFICADOS. EXPTE. 6854/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 29/12/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e conformado pola titular de Asesoría Xurídica e o interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)



Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do subministro e servizo da infraestrutura de alta dispoñibilidade e ferramentas para automatización de centralización de claves, custodia de certificados, selado de tempo e validación de certificados (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do subministro e servizo da infraestrutura de alta dispoñibilidade e ferramentas para automatización de centralización de claves, custodia de certificados, selado de tempo e validación de certificado (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 8 de setembro de 2022 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, autorizar o gasto, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación do subministro e servizo da infraestrutura de alta dispoñibilidade e ferramentas para automatización de centralización de claves, custodia de certificados, selado de tempo e validación de certificado.

Segundo.- En data 20 de setembro de 2022 publicouse o anuncio de licitación no Diario Oficial de Unión Europea e na Plataforma de Contratación del Sector Público, na que se aloxa o perfil de contratante do Concello de Vigo. O prazo de presentación de ofertas comezou ao día seguinte e rematou o 5 de outubro. Durante o mesmo presentaron oferta dous licitadores:

- AC CAMERFIRMA, S.A.
- IVNOSYS SOLUCIONES, S.L.U.

Terceiro.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 4 de novembro de 2022, realizou entre outras actuacións, a proposta de clasificación do procedemento e de requirimento de documentación ao licitador clasificado en primeiro lugar: AC CAMERFIRMA S.A. A clasificación foi aprobada pola Concelleira delegada de Contratación o día 8 do mesmo mes, por delegación do órgano de contratación.

Cuarto.- En data 22 de novembro de 2022, o licitador IVSNOSYS SOLUCIONES, SLU, interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da CCAA de Galicia (en adiante TACGAL) contra a resolución de clasificación deste expediente. O mesmo tramitouse como recurso nº 210/2022.

Quinto.- En data 28 de novembro de 2022 o TACGAL adoptou medida cautelar de suspensión do procedemento.

Sexto.- O TACGAL en resolución de 7 de decembro de 2022 acordou inadmitir o recurso e levantar a suspensión do procedemento.

Sétimo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 23 de decembro de 2022, acordou adxudicar a AC CAMERFIRMA S.A., o procedemento aberto para a contratación do subministro e servizo da infraestrutura de alta dispoñibilidade e ferramentas para automatización de centralización de claves, custodia de certificados,

selado de tempo e validación de certificado. Este acordo foi publicado na plataforma ese mesmo día, rematando o prazo de presentación de recurso especial o día 3 de xaneiro de 2023. Polo tanto, o contrato aínda non pode formalizarse.

Oitavo.- En data 28 de decembro de 2022 o Xefe do Servizo de Administración Electrónica e a súa adxunta, solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato para modificar un prazo parcial de execución da prestación de subministro por resultar de imposible cumprimento ao rematar o 31 de decembro deste ano.

Noveno.- Con data do 28 de decembro de 2022 a concelleira delegada de Contratación resolveu:

“1º.- Iniciar o procedemento para a modificación do contrato do subministro e servizo da infraestrutura de alta dispoñibilidade e ferramentas para automatización de centralización de claves, custodia de certificados, selado de tempo e validación de certificado (Expediente 9864-113), por mor das circunstancias recollidas no fundamento xurídico II deste informe.

2º.- A modificación consiste na eliminación da limitación do prazo parcial de execución de dous meses ata o 31 de decembro, previsto no apartado 4.B da FEC do PCAP á vista da ampliación do prazo de xustificación de execución dos fondos Next Generation EU outorgada pola autoridade de execución.

3º.- Dar audiencia ao adxudicatario, por prazo de dez días, para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan”.

Décimo.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, manifestou a súa conformidade en escrito de data 29 de decembro de 2022.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.



Concello de Vigo

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas reconece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén reconecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

O prego que rexe o contrato que nos ocupa non prevé a modificación do contrato. En consecuencia, teremos que analizar se ten encaixe nos supostos de modificacións non previstas contemplados no artigo 205 da LCSP.

O primeiro presuposto para ilo é determinar en que consiste a modificación. Segundo o citado informe do servizo xestor:

“Neste contrato, establecíase un prazo de execución para o subministro de 2 meses e que este debía rematar necesariamente o 31 de decembro de 2022. Esa data viña determinada por ser dito subministro susceptible de financiarse

con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

A duración do contrato abarca dous prazos parciais, como se indica no punto 4.B das FEC:

B) PRAZOS PARCIAIS:

- Para o subministro:

- *2 meses. Este prazo reducirase se o contrato se adxudica con posterioridade a data prevista de inicio, debendo rematar necesariamente o 31 de decembro de 2022*
- *1 ano de mantemento comprendida no prazo de garantía do subministro (dende o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023)*

- Para o servizo de mantemento:

- *3 anos (dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2026)*

Neste momento, dadas as demoras sufridas na tramitación administrativa deste contrato, devén imposible a súa formalización antes da data máxima de 31-12-2022 e polo tanto resulta imposible o cumprimento de entrega do subministro no prazo previsto.

Tendo en conta tamén que foi concedida unha prórroga para a execución do dito subministro ata o 31/03/2023 (expediente 9764-113, trámite 265), solicítase a modificación do prazo parcial do contrato correspondente ao subministro, xa que do contrario resulta imposible a execución do contrato, porque non pode haber mantemento se non hai subministro”.

Establece o citado artigo 205, que as as modificacións non previstas no PCAP só poderán realizarse cando a modificación cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que atope a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no apartado segundo do citado artigo 205.
- b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Segundo o apartado 2 do mesmo artigo, os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra todos os requisitos recollidos no apartado primeiro deste artigo, son os seguintes:

- a) Cando devíñera necesario engadir obras, subministros ou servizos adicionais aos inicialmente contratados, sempre e cando se dean os dous requisitos contemplados na LCSP
- b) Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevenidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:
 1. Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever.
 2. Que a modificación non altere a natureza global do contrato.
 3. Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.



Concello de Vigo

- c) Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a súa necesidade, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

Á vista do previsto no artigo 205 da LCSP, a modificación obxecto deste informe ten encaixe no apartado 2.b *“Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato”*.

Concorren neste caso as tres condicións esixidas legalmente:

1. A necesidade da modificación derivase de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever. Para o subministro fixouse un prazo de execución de dous meses, máis estableceuse a limitación de que se o contrato se adxudicaba con posterioridade a data prevista de inicio do contrato, o 1 de novembro de 2022, este prazo reduciríase e o contrato remataría necesariamente o 31 de decembro de 2022. Esta limitación fixouse por canto ao ser un contrato susceptible de financiarse con fondos Next Generation EU, a execución debería xustificarse a autoridade decisora antes desta data. No entanto, dito prazo foi ampliado ata o 31 de marzo. Na actualidade o contrato está pendente do transcurso do prazo de interposición do recurso especial contra a adxudicación para poder formalizarse. A tramitación do mesmo sufriu demora pola interposición dun recurso especial contra a clasificación que paralizou a súa tramitación ao fixarse polo TACGAL a medida cautelar de suspensión. De non eliminarse a limitación do prazo parcial, tal e como solicita o servizo xestor, o contrato resultará de imposible cumprimento.
2. A modificación non altera a natureza global do contrato dado que o único aspecto a modificar é a eliminación da redución do prazo para que rematase o 31 de decembro para poder xustificar a execución ante a autoridade decisora en cumprimento da normativa que rexe as actuacións derivadas do plan de recuperación, transformación e resiliencia.
3. A modificación do contrato non supón custe económico polo que non implica ningunha alteración na súa contía que exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).

- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia. Evacuado o trámite de audiencia o contratista, esta manifestou a súa conformidade coa modificación proposta.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: posibilitar a execución do contrato financiado con fondos Next Generation, que sen a eliminación da limitación do remate do prazo de execución nunha data determinada resultaría imposible. De este modo se perdería a posibilidade de satisfacer a necesidade pública a que está destinado: a alta dispoñibilidade é a capacidade de garantir a continuidade dos servizos, incluso en situacións de deficiencia (fallos de hardware ou de software), e precisa de sistemas e dispositivos redundantes ou de respaldo. Os procesos de firma e selado revisten unha especial transcendencia debido ao seu carácter transversal en toda a arquitectura de procesos, procedementos e trámites administrativos nos que resulta inescusable a tramitación telemática completa. Existe, ademais, unha crecente necesidade de modernización mediante a automatización e mellora da capacidade destes procesos para prestar servizos ao Concello e á cidadanía, de xeito áxil e eficiente, incluso en entornas con deficiencias ou fallos puntuais, apoiándose en 'robots de software' que permitan a automatización de procesos e en esquemas de alta dispoñibilidade.

Respecto dos límites económicos, dado que a modificación non supón custe económico non é preciso compensar ao contratista.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista (artigo 206 da LCSP) e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

De conformidade co artigo 153.3 da LCSP, ao tratarse dun procedemento sometido a recurso especial en materia de contratación (apartado 1J do Anexo I -FEC- do PCAP) a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da súa aprobación ao contratista.

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.



Concello de Vigo

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación. No entanto, neste caso non é necesario por canto a modificación non implica custe económico ningún.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

Das modificacións orzamentarias

Deberán reaxustarse as anualidades autorizadas por canto na anualidade de 2022 non se consumirán parte dos créditos autorizados, que deberán incorporarse como remanentes ao presuposto do ano 2023 (artigo 182 LHL).

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar o contrato do subministro e servizo da infraestrutura de alta dispoñibilidade e ferramentas para automatización de centralización de claves, custodia de certificados, selado de tempo e validación de certificado

(Expediente 9864-113), por mor das circunstancias recollidas no fundamento xurídico II deste informe.

2º.- A modificación consiste na eliminación da limitación do prazo parcial de execución de dous meses ata o 31 de decembro, previsto no apartado 4.B da FEC do PCAP á vista da ampliación do prazo de xustificación de execución dos fondos Next Generation EU outorgada pola autoridade de execución.

3º.- Deberán reaxustarse as anualidades autorizadas por canto na anualidade de 2022 non se consumirán parte dos créditos autorizados, que deberán incorporarse como remanentes ao presuposto do ano 2023 (artigo 182 LHL)”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1103).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN ANUAL DE CONTRATACIÓN MUNICIPAL DO ANO 2023. Expte. 6812/241

Dáse conta do informe-proposta de data 30/12/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 22 de novembro de 2018 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL), acordou poñer en marcha os traballos para a elaboración do Plan de Integridade na Contratación e constituír un Comité Técnico, formado polo persoal responsable de Contratación, Administración Electrónica, Oficina Contable e Orzamentaria; Secretaría de Goberno Local, Intervención e Asesoría Xurídica, seguindo coa traxectoria municipal en desenvolvemento e implantación das políticas públicas en materia de transparencia e bo goberno.

Segundo.- En data 12 de decembro de 2019 a Xunta de Goberno Local acordou:

“Primeiro.- Aprobar o “Plan de Integridade na Contratación. Marco Estratéxico”, de conformidade coa proposta elaborada polo Comité Técnico do Plan de Integridade na Contratación Pública, nas liñas establecidas pola Concellería Delegada de Contratación.

Segundo.- Delegar na Concellería Delegada de Contratación o desenvolvemento operativo do Plan e a súa implementación, para o que, contará co apoio técnico do “Comité Técnico de Integridade na Contratación”, así como do conxunto da estrutura municipal de goberno e das áreas e dos servizos municipais.

Terceiro.- Encomendar ao Comité Técnico do Plan o apoio técnico á Concellería Delegada de Contratación na execución do Plan, labor para a que contará coa colaboración do conxunto das áreas e servizos municipais.



Concello de Vigo

Cuarto.- Publicar o presente acordo no Portal de Transparencia Municipal de conformidade coa LTBG, no Perfil do Contratante e na Intranet municipal, dando conta do mesmo aos membros do Goberno municipal e ás Xefaturas de Área e de Servizo para a difusión no conxunto da organización.

Terceiro.- En data 17 de decembro de 2019, mediante Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, procedeuse á aprobación do desenvolvemento operativo do citado Plan.

Cuarto.- Este programa recolle na Liña Estratéxica 4, “Introducir o ciclo de mellora continua”, Obxectivo Estratéxico 4.1 “Potenciar a planificación e a mellora continua”, o Obxectivo Operativo 4.1.1. “Programar a contratación procurando a súa mellora global”, dando resposta ao mandato legal recollido no artigo 28.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de planificación anual da contratación e publicación da mesma.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

DA ELABORACIÓN DO PLAN ANUAL DE CONTRATACIÓN

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) regula a obriga das entidades que conforman o sector público de aprobar e dar a coñecer un plan anual de contratación. Así, o artigo 28.4 dispón que “As entidades do sector público programarán a actividade de contratación pública, que desenvolverán nun exercicio orzamentario ou períodos plurianuais e darán a coñecer o seu plan de contratación anticipadamente mediante un anuncio de información previa previsto no artigo 134 que, polo menos, recolla aqueles contratos que quedarán suxeitos a unha regulación harmonizada”.

Desta obriga legal xurde a oportunidade de racionalizar a contratación municipal, que carrega avantaxes tales como:

- Evitar os problemas derivados da falta de tramitación con tempo dos contratos que son continuidade doutros anteriores e resulta preciso encadealos, para garantir a continuidade na prestación.
- Evitar colapsos no servizo de Contratación cando se acumulan varios contratos simultaneamente por falta de coordinación dos servizos xestores.
- Favorecer que os operadores económicos, potenciais licitadores, coñezan con antelación as necesidades institucionais que pretenden cubrirse mediante os contratos proxectados, de modo que, coa debida anticipación, poidan estudar e, no seu caso, preparar as correspondentes ofertas. Deste xeito poderá lograrse máis transparencia na contratación e acadar unha maior concorrencia de licitadores o que redundará na obtención de mellores ofertas.
- Desenvolver unha visión estratéxica da contratación.

- Proporcionar información para unha xestión máis eficiente dos recursos.

Para elaborar o plan anual de contratación do Concello de Vigo (en adiante, PACC) a Concelleira Delegada de Contratación aprobou en data 13 de setembro de 2022 unhas “Instrucións para a planificación da contratación municipal”, solicitando dos servizos: *“Os contratos maiores que prevexan celebrar no ano 2023, indicando os seguintes datos: código orzamentario da área/servizo, obxecto contractual, tipo de contrato, prazo de execución e prórrogas, data na que debería comezar a execución, orzamento base de licitación, indicación de se o contrato está sometido a regulación harmonizada, importe do contrato que se vai gastar en 2023 e aplicación orzamentaria.”.*

Unha vez que as diferentes áreas e servizos municipais teñen enviado a súa programación procede a súa aprobación polo órgano de contratación, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL).

Para a efectividade do PACC é necesario que as áreas e servizos xestores cumpran os tempos estimados de tramitación dos diferentes tipos de contratos determinados nas Instrucións para a planificación da contratación municipal aprobadas pola XGL na sesión ordinaria do 29 de novembro de 2018. Estes son:

- Contratos suxeitos a regulación harmonizada: 9 meses
- Contratos maiores tramitados por procedemento aberto: 6 meses
- Contratos maiores tramitados por procedemento aberto simplificado: 3 meses
- Contratos maiores tramitados por procedemento negociado con ou sen publicidade: 3 meses
- Contratos maiores tramitados por procedemento aberto abreviado: 2 meses

-II-

DA MODIFICACIÓN DO PLAN ANUAL DE CONTRATACIÓN

Este plan configúrase como un documento dinámico, que permita incorporar durante o exercicio económico os novos contratos que xurdan para satisfacer necesidades novas ou non previstas no mesmo e que respondan a competencias municipais previstas nos artigos 7, 25,26 e 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local (LBRL). Así, cada vez que se programe un contrato non previsto, o servizo ou área xestora indicará esta circunstancia na memoria económica, e xustificará as razóns da falla de previsión do mesmo, quedando condicionada a súa tramitación á existencia de crédito.

-III-

DA PUBLICIDADE DO PLAN ANUAL DE CONTRATACIÓN

O Plan de contratación publicarase no Portal de Transparencia do Concello de Vigo e no seu perfil de contratante aloxado na Plataforma de Licitación de Contratos do Sector Público. Así mesmo, publicaranse no Diario Oficial da Unión Europea aqueles contratos que quedarán suxeitos a regularización harmonizada.



Concello de Vigo

-IV-

ENTRADA EN VIGOR

O PACC entrará en vigor no momento da súa aprobación. O acordo de modificación do PACC entrará en vigor no momento da súa aprobación, ou aquel en que esta determine, sen prexuízo da súa posterior publicación.

ACORDO

En mérito ao exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio orzamentario 2023, que se recolle como Anexo a este acordo.

2º.- Publicar o Plan no perfil de contratante, aloxado na Plataforma de Licitación de Contratos do Sector Público, e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

3º.- Publicar no Diario Oficial da Unión Europea o anuncio de información previa previsto no artigo 134 da LCSP, para cada un dos contratos que quedarán suxeitos a regulación harmonizada.

4º.- O presente PACC entrará en vigor no momento da súa aprobación.

5º.- Requírese ás áreas e servizos xestores, que para a efectividade do PACC cumpran cos tempos estimados de tramitación dos diferentes tipos de contratos determinados nas Instrucións para a planificación da contratación municipal aprobadas pola XGL na sesión ordinaria do 29 de novembro de 2018. Estes son:

- Contratos suxeitos a regulación harmonizada: 9 meses*
- Contratos maiores tramitados por procedemento aberto: 6 meses*
- Contratos maiores tramitados por procedemento aberto simplificado: 3 meses*
- Contratos maiores tramitados por procedemento negociado con ou sen publicidade: 3 meses*
- Contratos maiores tramitados por procedemento aberto abreviado: 2 meses”.*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

SERVIZO/ÁREA: EXTINCIÓN DE INCENDIOS

Servizo/Área (código orz.)	Obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo execución e prórrogas	Data prevista de inicio	Orzamento base de licitación (prezo ano c/IVE * nº anos)	Hamonizado (S/N)	Gasto 2023	Aplicación Orzamentaria
1360	Reposición da super estrutura do brazo articulado e vehículo prevención	Subministro	15 meses	1 de agosto de 2023	1.150.000,00 €	Si	0,00 €	13606340000
1360	Formación para o persoal de novo ingreso	Servizo	Dous meses	1 de setembro de 2023	60.000,00 €	Non	60.000,00 €	13602279910
1360	Motos de auga	Subministro	Tres meses	1 de setembro de 2023	65.000,00 €	Non	65.000,00 €	13606240000
1360	Mobiliario Nuevo Parque de Esturans	Subministro	Tres meses	1 de setembro de 2023	50.000,00 €	Non	50.000,00 €	13606250009
1360	Equipamiento Nuevo Parque de Esturans	Subministro	Tres meses	1 de setembro de 2023	50.000,00 €	Non	50.000,00 €	13606290001

SERVIZO/ÁREA: PATRIMONIO

Servizo/Área (código orz.)	Obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo execución e prórrogas	Data prevista de inicio	Orzamento base de licitación (prezo ano c/IVE * nº anos)	Hamonizado (S/N)	Gasto 2023	Aplicación Orzamentaria
240	POLIZA RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL	SERVIZOS	1+1	20/7/2023	440.000,00 €	S	440.000,00 €	9200.2240000
240	PÓLIZA DE TODO RISCO DANOS MATERIAIS	SERVIZOS	2	Febreiro 2023	200.000,00 €	N	200.000,00 €	92002240002

SERVIZO/ÁREA: LIMPEZA

Servizo/Área (código orz.)	Obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo execución e prórrogas	Data prevista de inicio	Orzamento base de licitación (prezo ano c/IVE * nº anos)	Hamonizado (S/N)	Gasto 2023	Aplicación Orzamentaria
252	Limpeza de Dependencias municipais	Maior	5+1	01/11/2023	11.105.782,54 €	SI	360.222,58 €	9200..2270000
252	Mantemento estación biogas do Zondal	Maior	5+1	01/01/2023	75.126,50 €	NO	15.025,30 €	1622..2130000

SERVIZO/ÁREA: COMERCIO

Servizo/Área (código orz.)	Obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo execución e prórrogas	Data prevista de inicio	Orzamento base de licitación (prezo ano c/IVE * nº anos)	Hamonizado (S/N)	Gasto 2023	Aplicación Orzamentaria
106	Iluminación decorativa de Nadal	Mixto	3+1+1	01/08/23	5.626.406,00 €	S	1.500.374 €	4310 2279900
	Plan de autoprotección	Servizos	3+1+1	01/04/23	36.787,81 €	N	9.543,42 €	4310 2270600
	Supervisión dos traballos de campo de montaxe e desmonte efectuados polas empresas adjudicatarias da iluminación decorativa, dos sets decorativos, da ornamentación vexetal e non vexetal, dos mercados do nadal (cías market e calvario), do servizo de megafonía e dunha Exposición Belenística, así como o servizo de control e supervisión do mantemento de todos eles durante a Campaña do Nadal	Servizos	3+1+1	01/03/23	34.200,00 €	N	9.120,00 €	4310 2270600

Servizo/Área (código orz.)	Obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo execución e prórrogas	Data prevista de inicio	Orzamento base de licitación (prezo ano c/IVE * nº anos)	Hamonizado (S/N)	Gasto 2023	Aplicación Orzamentaria
	Plan de actuacións físicas e dixitais no eixe turístico comercial Bouzas-Teis. Exp. 8293/106 Proxecto subvencionado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia (MICT). Subvención: 369.957,60 €	Mixto	1	01/03/23	616.596,00 €	S	616.596,00 €	4310 2279902
	Plan integrado de actuacións físicas e dixitais de mellora e modernización dos Mercados de Vigo. Exp. 8291/106. Proxecto subvencionado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia (MICT). Subvención: 671.728,20 €	Mixto	1	01/03/23	1.119.547,00 €	S	1.119.547,00 €	

SERVIZO/ÁREA: NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Servizo/Área (código orz.)	Obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo execución e prórrogas	Data prevista de inicio	Orzamento base de licitación (prezo ano c/IVE * nº anos)	Hamonizado (S/N)	Gasto 2023	Aplicación Orzamentaria
3341	Formación en lingua e cultura galegas. Cursos e obradoiros	Servizos	2+1	xaneiro 2023 ¹	20.000 euros/ano 60.000	Non	20.000,00 €	3341 2260600
3341	Dinamización da lingua galega NO verán... un conto e outras datas conmemorativas. Actividades	Servizos	2+1	febreiro 2023	25.000 euros/ano 75.000 euros	Non	25.000,00	3341 2279905

Servizo/Área (código orz.)	Obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo execución e prórrogas	Data prevista de inicio	Orzamento base de licitación (prezo ano c/IVE * nº anos)	Hamonizado (S/N)	Gasto 2023	Aplicación Orzamentaria
3341	Prestación de servizos para a realización de actividades de dinamización da lingua galega ao longo do ano (megafonía, cadeiras, alfombras para sentar as cativas...)	Servizos	2+1	Febreiro 2023	18.000/ ano 54.000 euros	Non	18.000, 00	3341 2279901
3341	Dinamización Lingua galega No Nadal... un conto e outras datas conmemorativas. Actividades	Servizos	2+1	Outubro 2023	15.000 ano 45.500	Non	15.000,00 €	3341 2279905

SERVIZO/ÁREA: TESOURERÍA

Servizo/Área (código orz.)	Obxecto contractual	Tipo contrato	Prazo execución	Data de inicio	Orzamento base de licitación (prezo ano c/IVE* nº anos)	Hamonizado (S/N)	Gasto 2023	Aplicación Orzamentaria
9340	Servizos de apoio R.executiva e sancións de tráfico	Servizos	5	01/01/24	18.113.008,42 €	S	0,00 €	9340.2270800

SERVIZO/ÁREA: RÉXIME INTERIOR

I.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece no seu artigo 190 que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezan o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta (artigo 203 LCSP), dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e para os efectos sinalados na Lei.

Respecto á xustificación do interese público, a dirección facultativa sinala no seu informe reproducido nos antecedentes, que as modificacións propostas no modificado n.º 1 das obras de “Humanización da Praza Francisco Fernández del Riego”, estímense que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e que son de interese público, xa que permiten levar a cabo en condicións adecuadas a execución da obra, e que as circunstancias que deron lugar as modificacións propostas encóntranse contempladas nos ámbitos do definido no apartado 6 b das FEC, sendo motivadas en xeral pola redución da sobrecarga de uso, condición que non puido ser prevista no proxecto orixinal.

II.- Asemade, o artigo 203.2 da LCSP contempla que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación solo poderán modificarse durante a súa vixencia, cando se de algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos términos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP;
- b) Excepcionalmente cando sexa necesario realizar unha modificación que non está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 205.

Polo tanto, a LCSP prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 204 e 205 da LCSP). No primeiro caso regúlanse as modificacións previstas na documentación que rexe a licitación e no segundo as modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación.

III.- En relación coa posibilidade de modificación prevista no artigo 204 da LCSP , no apartado 6 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 16 de xullo de 2021, establécese a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- Aspectos a modificar: as unidades de obra relacionadas cos movementos de terras, demolicións, estrutura, traballos previos, pavimentos, equipamento urbano, xardinería, urbanización, impermeabilizacións, sinalización, pluviais-rego, iluminación pública-red de BT, telecomunicacións, abastecemento, saneamento, rede fotovoltaica, seguridade e saúde e xestión de residuos
- Circunstancias que determinan a modificación:
 - Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.
 - Necesidades de adaptación ao contorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.

De conformidade co disposto no devandito artigo 204 LCSP e no Prego, as modificacións en ningún caso poderán superar o 20% do prezo inicial do contrato.

Neste caso, consta no informe da dirección facultativa, que as modificacións previstas a tenor do disposto no artigo 204 da LCSP ascenden a un total de 92.203,36 euros, supoñendo o 4,52% do prezo do contrato.

IV.- Asemade, en relación coa posibilidade de modificación regulada no artigo 205 da LCSP, as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares o que, habendo sido previstas, no se axusten ao establecido no artigo 204, solo poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que atope a súa xustificación en algún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo.
- b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder a causa obxectiva que as faga necesarias.

Entre os supostos que eventualmente poderían xustificar una modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra tódolos requisitos recolleitos no apartado anterior, figura a seguinte (art.205.2.c) da LCSP):

- Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a necesidade das mesmas, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

Unha modificación dun contrato considerárase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio. En calquera caso, unha modificación considerárase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:



Concello de Vigo

1.º Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación.

En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso, esixiuse no procedemento de licitación orixinal.

2.º Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial.

En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, introduciríanse unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato.

3.º Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato.

En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

(i) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do prezo inicial do mesmo, IVE/IVE excluído, se se trata do contrato de obras ou dun 10 por cento, IVE/IVE excluído, cando se refira aos demais contratos, ou ben que supere o limiar que en función do tipo de contrato resulte de aplicación de entre os sinalados nos artigos 20 a 23.

Neste outro caso, consta no informe da dirección facultativa, que as modificacións non previstas a tenor do disposto no artigo 205.2 c) da LCSP ascenden a un total de 305.424,10 euros, supoñendo o 14,96% do prezo do contrato.

(ii) As obras, servizos ou subministracións obxecto de modificación áchense dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciou a tramitación do expediente de contratación.

V.- En todo caso, as circunstancias que dan lugar as modificacións propostas atópanse previstas no apartado 6 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato, nembargantes nalgúns casos obrigan a introdución de novas unidades de obra con novos prezos unitarios non previstos no contrato, polo que ditas modificacións non se axustan ao establecido no artigo 204 da LCSP, e se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables necesarias para responder a ditas causas obxectivas, axustándose ao disposto no artigo 205.2c) da LCSP respecto ás modificacións non substanciais.

Asemade, tal e como se indica no devandito informe da dirección facultativa, non se cumpren ningunha das tres condicións que cualificarían dita modificación de substancial, e mesmo en termos obxectivos por supoñer un incremento do prezo inferior ao 15% do contrato, conforme ao disposto no propio artigo 205.2. c.i) tería a consideración obxectiva de ser unha modificación non substancial.

En consecuencia, tal e como se indica nos fundamentos xurídicos, a proposta de modificación do contrato atópase contemplada nos supostos do artigo 204 e 205.2.c) da LCSP.

VI.- Respecto á ampliación de prazo dun mes solicitada pola Dirección Facultativa para a execución das actuacións proxectadas, cabe indicar que o PCAP que rexe o presente expediente de contratación recolle na cláusula 26.4.a) que o prazo de execución das obras poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en caso de modificación do contrato, sendo o prazo da prórroga o que resulte do proxecto modificado, e non podendo exceder da metade do prazo inicial.

Neste caso que nos ocupa, o prazo de execución é de 12 meses (Apartado 4 das FEC), contados a partir do 15.02.2022 xa que o mesmo día da sinatura da acta de comprobación do replanteo asinada en data 3.12.2021, suspenderanse as obras ata o 15.12.2022.

En consecuencia, considerase procedente a ampliación do prazo por un (1) mes, tal e como se establece no Proxecto Modificado nº1 e no informe da dirección da facultativa reproducido nos antecedentes.

VII.- As especialidades procedimentais a seguir para a modificación dos contratos figuran reguladas con carácter xeral no artigo 207 da LCSP, figurando no artigo 242 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

1. Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).
2. Informe da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 191 do LCSP e 102 do RLCAP)
3. Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato cando no estivesen previstas no prego de cláusulas administrativas e a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 % do prezo inicial do contrato, IVA excluído, e o seu prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 191 da LCSP)

Os requisitos específicos para os contratos de obras previstos no artigo 242 da LCSP son:

1. Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que tivera fixado, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme ao artigo 211 da LCSP.
2. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, e se cumpran os requisitos que a tal efecto regula esta lei, recadará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que substanciarase coas seguintes actuacións:



Concello de Vigo

- a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
- b) Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
- c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación así como dos gastos complementarios precisos.

Así mesmo, recadarase o informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 235 da LCSP (136.3 do RLCAP).

VIII.- As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 204, 205, 206 e 242.1 da LCSP). No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha (art.242.1 da LCSP)

IX.- Deberase publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil do contratante do órgano de contratación, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de tódolos informes que , no seu caso, recadaranse con carácter previo á aprobación, incluídos aqueles aportados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 63.3 e 207.3 da LCSP).

Asemade, remitirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 335 da LCSP).

X.- Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa, reproducido nos antecedentes da presente proposta, xustificativo da necesidade da modificación, do seu interese público, e do cumprimento das esixencias dos artigos 203, 204 e 206 da LCSP así como do apartado 6 das FEC do PCAP reitor do contrato.

2º.- Consta autorización do Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 28 de abril de 2022, en virtude do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e Acordo de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros Delegados de Área de data 20 de xuño de 2019, órgano de contratación conforme ó previsto na Disposición Adicional 2ª da LCSP.

3º.- Consta audiencia ao redactor do proxecto, sen que formulara, en data 30.09.2022, consideracións ao mesmo. (Trámites 489,495 e 496 do expediente dixital).

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista sobre a modificación e os novos prezos, e a conformidade deste, en datas 30.09.2022 e 13.10.2022.(Trámites 488, 492, 494, 499, 501 e 503 do expediente dixital).

5º.- Consta informe favorable de supervisión do proxectos, realizado polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 05.10.2022.

6º.- Recóllese no proxecto modificado, de acordo co establecido no artigo 160 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante RXLCAP) de forma separada as variacións de medicións executadas de acordo ao artigo 242.4 i) da LCSP.

7º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 191.3.b da LCSP).

8º.-Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación respecta tanto o previsto no artigo 204 como no artigo 205 da LCSP.

9º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

10º.- Unha vez aprobado o mesmo:

- Debe ser formalizado.
- Debe reaxustarse a garantía definitiva ao producirse variación no prezo no prazo de 15 días dende a notificación do acordo de modificación (artigo 109.3 d LCSP)
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e artigo 203.3 da LCSP)

XI.- Procedo elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da LCSP:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 das obras de **“HUMANIZACIÓN DA PRAZA FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO”** redactado polos directores das obras, D. Pablo Saavedra Salgueiro, Dna. Cristina Camino Loureiro e Dna. María Francisca Arlandis Marra, o que supón unha importe líquido de **446.215,33 €**, supoñendo un 4,52 % (92.203,36 €) de modificación por causas xustificadas contempladas no artigo 204 da LCSP, un 14,96 % (305.424,10 €) de modificación por causas xustificadas contempladas no artigo 205.2c) da LCSP e un 2,38 % (48.587,87 €) por variacións de medicións do artigo 242.4. da LCSP.

2º.- Autorizar a ampliación do prazo da obra en 1 MES.

3º.- Autorizar a o gasto, con cargo á partida orzamentaria 15392 619 00 60, pola diferenza entre o gasto autorizado estimado para a continuidade provisional das obras do modificado nº1 por importe de 220.517,86 euros euros (documento contable AD nº 202200066732) e o gasto líquido adicional resultante do modificado nº1 por importe de 446.215,33 euros, ascendendo dita diferenza a un total de 225.697,47 euros ó alza.

4º.-Proceder ao reaxuste da garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.

5º.- Instar á mercantil CIVIS GLOBAL, S.L.U., adxudataria do contrato de obra, á formalización do modificado do mesmo no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción



Concello de Vigo

da notificación da presente resolución, nos termos do artigo 153 da LCSP, debendo acreditarse con carácter previo á formalización o reaxuste da garantía nos termos do apartado anterior.

6º.- Remitir ao Consello de Contas a modificación do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1108).- REVISIÓN DE TARIFAS DO SERVIZO PÚBLICO REGULAR DO TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS PARA O ANO 2023. EXPTE. 3951/449.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 30/12/2022, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Transportes, o xefe da Área de Investimentos e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

Primeiro.- En data 16 de setembro de 1994 o Pleno do Concello de Vigo adxudicou a Viguesa de Transportes, S.A. (en adiante VITRASA), a concesión de transporte urbano colectivo de viaxeiros por un prazo de 25 anos, prorrogables por períodos de cinco anos e ate un límite de 35 anos.

Segundo.- En data 5 de xuño de 2020, a XGL aprobou unha prórroga deste contrato por un período de 5 anos a partir do día 8 de xuño de 2020.

Terceiro.- Na data 7 de abril de 2022, a XGL aprobou a revisión de tarifas do servizo público regular do transporte urbano colectivo de viaxeiros para o ano 2022

Cuarto.- Na data 28 de outubro de 2022 foi presentado pola empresa Viguesa de Transportes S.L.(Vitrasa)no rexistro xeral do Concello expediente de revisión de tarifas para o ano 2023.

Quinto.-Na data 11 de novembro de 2023 foi notificado a empresa Viguesa de Transportes S.L. requirimento de aclaración da documentación presentada, presentando a documentación aclaratoria na data 22 de novembro de 2022.

Sexto .- Na data 28 de novembro de 2022 foi concedido a empresa concesionaria o preceptivo tramite de audiencia dándolle traslado do informe formulado polo servizo xestor na mesma data-

Septimo.-Na data 1 de decembro de 2022 e a o amparo do artigo 32.1 da Lei 9/2015 de procedemento administrativo Común das administracións publicas, a empresa Viguesa de Transportes presenta solicitude de ampliación do prazo inicialmente concedido , que le foi concedido polo Concello na data 12 de decembro de 2022.

Oitavo.-Na data 16 de decembro de 2022 foi presentado por VITRASA, a través do rexistro xeral do concello de Vigo con nº de documento 220325456, escrito de alegacións ao informe proposta de data 28 de novembro de 2022 en relación a revisión de tarifas do servizo público regular do transporte urbano colectivo de viaxeiros de Vigo para o ano 2023

Noveno.- Na data 28 de decembro de 2022 foi publicado no BOE o Real Decreto-Lei 20/2022, do 27 de decembro, sobre medidas de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra de Ucraína e apoio á reconstrución da illa da Palma e outras situacións de vulnerabilidade entre os que se atopan os sistemas de bonificación no transporte público colectivo, establecendo un sistema de axudas directas correspondentes o primeiro semestre do ano 2023. Esta axuda permitira bonificar o 30% do prezo do transporte urbano de competencia municipal en aqueles municipios que acorden unha bonificación adicional do 20%, acadando unha bonificación do 50% no prezo para os viaxeiros habituais.

II.- INFORME PARA A REVISIÓN DA TARIFA DE APLICACIÓN PARA O ANO 2023

A entidade mercantil “Viguesa de Transportes , S.L.” (Vitrassa), na data 28 de outubro de 2022 presenta expediente de revisión da tarifa e do prezo do coche/qm do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral de Vigo para o ano 2023, de conformidade co establecido no artigo 62 do Prego de condicións económico-administrativo que rexeu o concurso para a concesión do servizo, achegando á solicitude memoria e estudio económico.

Presenta a seguinte proposta de revisión de tarifas para o ano 2023 :

*** billete ordinario 1,63 €/viaxeiro
 *** prezo coche/qm 6,2476 €/qm

Así, mesmo solicitan a incorporación de 2 novas tarifas especiais de 2 € e de 3 € para aqueles servizos que cumpran as condicións de maior custe económico e demanda debido a incremento de servizos especiais de tipo lúdico, deportivos e outros que se veñen producindo, moitos en horario nocturno, ao amparo do artigo 63 para cubrir os custes mais elevados destes servizos.

a) TARIFAS VIXENTES:

A última tarifa foi aprobada por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 7 de abril de 2022 de acordo cos seguintes importes:

billete ordinario..... 1,40 €
 prezo coche/qm..... 5,3376 €

E como prezos da tarifa base subvencionada para o ano 2022 nas seguintes contías:

	Con IVE		Achega máxima Concello	
	Tarifa base	Tarifa base subvencionada	Diferenza coa tarifa base con IVE	Diferenza coa tarifa base sen IVE
Venta contado	1,40 €	-----	-----	-----
Billete normal -	1,40 €	0,89 €	0,51 €	0,4636 €
Billete estudante -	1,40 €	0,86 €	0,54 €	0,4909 €
Billete Pensionista I -	1,40 €	0,00 €	1,40 €	1,2727 €



Concello de Vigo

Billete Pensionista II -	1,40 €	0,00 €	1,40 €	1,2727 €
Billete Universitario -	1,40 €	0,67 €	0,73 €	0,6636 €
Billete social –	1,40 €	0,69 €	0,71 €	0,6454 €

Persoas mobilidade reducida que utilicen cadeira de rodas e o seu acompañante	Billete gratuito
---	------------------

b) INFORME DO SERVIZO PARA O CALCULO DA TARIFA PARA O ANO 2023

Examinada a documentación aportada pola empresa solicitante informase o seguinte :

A empresa Viguesa de Transportes S.L. (VITRASA), concesionaria do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade por acordo do Pleno da Corporación de data 16 de setembro de 1994, concesión prorrogada por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de xuño de 2020 por un período de cinco anos, presenta expediente de revisión de tarifas, de conformidade co previsto no artigo 62 do Prego de condicións que rexe a concesión.

A empresa concesionaria presenta memoria e estudo económico xustificativo das tarifas que propón para o ano 2023.

Formula a seguinte proposta:

- *** billete ordinario 1,63 €/viaxeiro
- *** prezo coche/qm 6,2476 €/qm

A vista do solicitude e da documentación aportada, procedese ao estudo da proposta, de conformidade coa estrutura tarifaria incluída no prego de condicións que rexe a concesión , así como a oferta presentada e os acordos adoptados durante o período concesional .

De conformidade co Prego de condicións que rexe a concesión e coa oferta adxudicataria, a tarifa ten a seguinte estrutura:

- I Custo unitario
- II Repercusión material móbil
- III Repercusión terreos e instalacións
- IV Ingresos por publicidade (a deducir)

b.1.- CUSTO UNITARIO

O custo unitario revísase aplicando ó valor do coeficiente de revisión Kt, que resulta da fórmula polinómica de revisión fixada no Prego de condicións, ao valor do custo unitario da adxudicación.

A determinación do custe unitario da oferta correspóndese cos seguintes datos:

- Custe de xestión e explotación da oferta para o ano inicial = 1.701.415.244 ptas.
- O licitador para determinar o custe por viaxeiro na oferta, procedeu a dividir este importe polo número de viaxeiros indicados na oferta para o primeiro ano: 20.750.000 viaxes.
- Esto ven a determinar un importe de 81,99 ptas que en Euros = 0,4928 € (valor que se utiliza cada ano para actualizar a parte do billete referente o custe unitario.

Formula:

$$Kt = a \times \frac{Ht}{Ho} + b \times \frac{CVt}{Cvo} + (c+d) \times \frac{IPCt}{IPCo} + e$$

Factor man de obra	H ₀	11.482,04 €	Ht	27.150,58 €
Factor combustible vehículos	Cv ₀	0,509 €	Cvt	1,597 €
Índice xeral presos consumo	IPC ₀		IPCt	2,007

"a" =	0,6295
"b" =	0,1196
"c" =	0,0296
"d" =	0,1613
"e" =	0,0600

Os valores do momento "t" de revisión, xustifícanse:

- Ht polo Convenio Provincial do sector do transporte.
- Ct polo prezo medio nacional do Gasóleo A publicado pola Subdirección xeral de hidrocarburos do Ministerio de Ciencia e tecnoloxía.
- IPCt polo certificado do I.N.E.

b.2.- Factor man de obra.

A empresa propón como factor man de obra a cantidade de 31.344,25 €. manifestando que o Convenio de Transportes da provincia de Pontevedra esta vencido dende o pasado 31 de decembro de 2020, polo que habendo incrementos importantes nos custes laborais de Vitrasa, se incorpora unha subida do IPC real para o ano 2021 dun 6,5% e unha estimación (Funcas) do IPC para o ano 2022 dun 8,4%.

De conformidade co disposto no prego de condicións que rexe a concesión, e a oferta presentada pola empresa concesionaria, en relación ao Convenio de transporte de viaxeiros por estrada da provincia de Pontevedra, o valor da man de obra revisarase en función do Convenio Provincial de Pontevedra do Sector do Transportes, correspondente a un traballador con categoría laboral de condutor, supoñendo constante o numero de horas traballadas, tendo en conta os custes da seguridade social e outras cargas que corresponda pagar a empresa.

O Convenio de transporte de viaxeiros por estrada da provincia de Pontevedra vixente, e o aprobado o 5 de outubro de 2018 e publicado no B.O.P.P. de data 23 de outubro de 2018 e a última táboa salarial aprobada en relación co citado convenio correspóndese coa publicada no BOPP do 2 de setembro de 2020.

A revisión de prezos para o ano 2022 indicou como referencia para o cálculo do factor da man de obra a cantidade de 27.150,58 € (custes dun traballador tipo con categoría laboral de condutor). Este dato atopase referenciado a táboa salarial vixente do convenio de transporte de viaxeiros por estrada da provincia de Pontevedra.



Concello de Vigo

Para o calculo da tarifa de aplicación ao ano 2023, débese atender que de acordo ao indicado na cláusula 62 do PCEA e PT, os índices deben de corresponderse cos seguintes valores:

a) índice de base identificados co subíndice "0", o cal se corresponde ao valor de inicio da concesión.

b) índice identificado co subíndice "t". que se corresponde co custe da referencia da man de obra vixente no momento da aplicación da formula – Custe de convenio vixente na actualidade -.

Para este calculo se terán en conta os seguintes datos:

- Táboa salarial do CONVENIO DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR ESTRADA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (BOPPO 27/05/2019) vixente, o cal non recolle ningún incremento par ao ano 2023Incremento da referencia do factor da man de obra para o calculo da tarifa para o ano 2022:



<https://energia.gob.es/petroleo/Informes/InformesMensuales/Paginas/InformesMensuales.aspx>

Mes	Céntimos / litro	Mes	Céntimos / litro
sep-21	128,01 cts €	mar-22	176,82 cts €
oct-21	135,51 cts €	abr-22	183,08 cts €
nov-21	138,13 cts €	may-22	188,00 cts €
dic-21	134,69 cts €	jun-22	203,62 cts €
ene-22	138,76 cts €	jul-22	197,14 cts €
feb-22	147,08 cts €	ago-22	184,67 cts €

En relación a dita táboa de prezos debese ter en conta que dende o pasado 1 de abril do ano 2022, os importes de referencia do gasóleo de automoción teñen un desconto de aplicación por regulación do Estado de -20 céntimos de euros, polo cal procede corrixir o índice de referencia

Media setembro 2021 – agosto 2022 = 1,630 € que coa aplicación do desconto de 20 céntimos dende o 1 de abril de 2022, este índice minora quedando en 1,546 € x factor corrector 1,033 = **1,597 €**

b.4.- Factor I.P.C

A empresa VITRASA propón o criterio que se aplica nos últimos anos consistente en considerar a variación de prezos dende xuño de 1994 ata o último agosto (2022) e onde xa se recollen os cambios de base e que é un 2,007 %

adro de man... FEMP - Fondos Europ... CAS - Servicio de Aute... CAU SG DE FONDOS E... Cisco Webex Meeting... Iniciar sesión (Webex) Plataforma de Contrat... FIRMA

English

INE
Instituto Nacional de Estadística

Escriba el texto para buscar

Productos y Servicios / Cálcul... / ¿Cuánto ha variado el IPC desde...?

Tabla

Calculo de variaciones del Índice de Precios de Consumo (sistema IPC base 2021)

Variación del Índice General Nacional según el sistema IPC base 2021 desde **Junio de 1994 hasta Agosto de 2022**

Índice	Porcentaje(%)
Nacional	100,7

El método utilizado para el cálculo de las tasas de variación del IPC se describe en la metodología Preguntas frecuentes sobre el IPC

Contacto Mapa web

El INE Organización Estadística en España Calidad y Código de buenas prácticas

Formación y empleo Prácticas universitarias Becas

IPC en un clic Atención al público Publicaciones

Síguenos Twitter

b.5.- CALCULO DO FACTOR KT

$$KT = 0.6295 \times \frac{27.150,58}{11.482,04} + 0.1196 \times \frac{1,597}{0.509} + (0.0296 + 0.1613) \times 2,007 + 0,06$$

KT= 2,3069

b.6- CALCULO DO CUSTE UNITARIO

- prezo unitario billete ordinario $0,4928 \times 2,3069 = 1,1368 \text{ €}$
- custo unitario coche / quilómetro $1,9884 \times 2,1781 = 4,5870 \text{ €}$

No calculo dos prezos inciden ademais os seguintes parámetros :

b.7.- Nº DE VIAXEIROS:

En primeiro lugar debemos atender a que o apartado quinto do acordo da Xunta de Goberno local de data 21 de decembro de 2009, establece un procedemento para determinar o nº de viaxeiros aos efectos de revisión tarifaría, de acordo co seguinte criterios:

- Nº de viaxeiros aos efectos de revisión de tarifa = o nº real de viaxeiros de pago transportados no período comprendido entre o 1 de outubro e o 30 de setembro do período inmediatamente anterior a presentación da solicitude de revisión tarifaría incrementado en máis o en menos no porcentaxe de variación no mesmo período.

En relación a este criterio débese indicar:

- Viaxeiros do 01/10/2020 o 30/09/2021: 12.848.147
- Viaxeiros do 01/10/2021 o 30/09/2022: 14.778.864
- Variación: +15,03 %
- Do que resultaría para o ano 2023: $14.778.864 + 15,03 \% = 16.999.714$

A empresa concesionaria propón como previsibles para a próximo ano 2023: 16.906.708, indicando que *“a actual situación é de recuperación moi lenta e as cifras pre-pandemia seguen estando lonxe de alcanzarse”*, sen ningunha outra identificación da hipótese do cálculo.

E obvio que os datos de viaxeiros dos períodos de referencia indicados anteriormente, responden a valores distorsionados polos efectos reiterados do período Post-Pandemia COVID-19.

Neste sentido realizar un cálculo sobre o criterio vixente de estimar un valor igual “o nº real de viaxeiros de pago transportados no período comprendido entre o 1 de outubro e o 30 de setembro do período inmediatamente anterior a presentación da solicitude de revisión tarifaría”, reflicte un dato dun crecemento dun 15,03 %, o cal demanda realizar outras estimacións para verificar a consistencia deste resultado.

En base a este criterio dende o servizo de transportes, procedeuse a realizar una estimación da evolución dos datos tal como se reflicta nos seguintes cadros:

Viaxeiros no ano 2019 – viaxeiros reais de pago	20.617.937
Viaxeiros no ano 2020 – viaxeiros reais de pago	11.735.974
Viaxeiros no ano 2021 - viaxeiros reais de pago	13.282.066
Análise dos datos reais de viaxeiros de pago do ano 2022-2019	

	2019	2021	2022 % sobre 2019	
ene	1.749.993,00	895.946,00	1.065.731,00	60,90%
feb	1.667.162,00	823.934,00	1.149.327,00	68,94%
ma	1.684.185,00	1.119.891,00	1.308.917,00	77,72%
abr	1.647.419,00	1.087.697,00	1.185.348,00	71,95%
may	1.817.659,00	1.124.480,00	1.310.578,00	72,10%



Concello de Vigo

jun	1.652.542,00	1.207.343,00	1.269.072,00	76,80%
Jul	1.743.821,00	1.141.050,00	1.276.914,00	73,23%
Ago	1.535.668,00	1.013.679,00	1.187.708,00	77,34%
Sep	1.728.700,00	1.257.663,00	1.414.886,00	81,85%
oct	1.941.923,00	1.279.441,00	1.408.023,00	72,51%
no	1.755.377,00	1.295.185,00		
dec	1.693.548,00	1.035.757,00		
	20.617.997,00	13.282.066,00	12.576.504,00	73,33%

Do análise deste datos pódese concluír que de acordo coa tendencia real dos 10 meses do ano 2022, existe unha lixeira tendencia de crecemento acadando a día de hoxe un porcentaxe do 73,33 % dos valores do ano 2019.

A proposta realizada pola concesionaria (16.906.708) e o valor do resultado do calculo do modelo en base o acordo da XGL de 21/12/2009, acadan valores en torno o 82% e 82,4%, respecto o ano 2019, polo cal pode establecerse como referencia para o calculo o valor proposto pola concesionaria de 16.906.708, coa prudencia que require esta estimación.

b.8.- Nº DE QUILÓMETROS

A empresa concesionaria propón como numero de quilómetros que debe utilizarse como denominador no calculo da repercusión da amortización do material móbil, terreos e instalacións e publicidade, para o ano 2023 o de 6.250.000 quilómetros,

En relación a determinar una estimación de Qm a realizar durante o ano 2023, debemos indicar que o acordo de prorroga do contrato establece de forma xeral que: "As condicións da prorroga que se propón serán as mesmas vixentes na actualidade..."

En base a esta condición debemos realizar o seguinte análise dos QM realizados dentro das obrigas de "risco e ventura":

2019	6.618.551,00
2020	5.844.686,00
2021	5.919.936,00
2022	6.000.000,00

A vista destes datos a estimación de QM para o ano 2023 deberá atender a 6.250.000 Qm.

b.9.- REPERCUSIÓN MATERIAL MÓBIL

Este concepto fórmase pola amortización correspondente ó ano de revisión, máis os gastos financeiros da inversión pendente de amortizar.

Na amortización correspondente a o ano 2023 debe distinguirse :

- Amortización pendente de executar no acordo de prorroga do contrato (1995/2019).
- Amortización correspondente aos vehículos novos incorporados no exercicio 2022.
- Amortización correspondente aos vehículos novos a incorporar no exercicio 2023.

b.9.1.- Inversións en material móbil (vehículos) 1995-2019. Cálculos de amortización:

Do expediente da prorroga do contrato desprendese o seguinte estado de amortización a 31/12/2019.

No cadro seguinte reflíctese o importe das inversións e das amortizacións realizadas ao longo do período concesional (1995/2019), e por diferenza, o importe das inversións pendente de amortizar.

Exercicio	Inversión do exercicio	Inversión acumulada	Amortización do exercicio	Amortización acumulada	Investimentos pendentes de amortizar a 31/12
1995	7.901.909,41	7.901.909,41	0,00	0,00	7.901.909,41
1996	0,00	7.901.909,41	583.284,24	583.284,24	7.318.625,17
1997	0,00	7.901.909,41	604.174,65	1.187.458,89	6.714.450,52
1998	3.193.742,26	11.095.651,67	689.338,68	1.876.797,57	9.218.854,10
1999	0,00	11.095.651,67	712.236,88	2.589.034,45	8.506.617,22
2000	2.740.615,20	13.836.266,87	875.761,48	3.464.795,93	10.371.470,94
2001	1.437.620,95	15.273.887,82	1.056.947,37	4.521.743,30	10.752.144,52
2002	0,00	15.273.887,82	1.124.839,71	5.646.583,01	9.627.304,81
2003	1.162.248,50	16.436.136,32	1.226.238,63	6.872.821,64	9.563.314,68
2004	2.206.900,00	18.643.036,32	1.329.803,30	8.202.624,94	10.440.411,38
2005	2.104.400,00	20.747.436,32	1.598.108,27	9.800.733,21	10.946.703,11
2006	2.003.262,00	22.750.698,32	1.962.800,35	11.763.533,56	10.987.164,76
2007	3.279.050,00	26.029.748,32	1.329.808,55	13.093.342,11	12.936.406,21
2008	3.221.913,00	29.251.661,32	1.707.786,38	14.801.128,49	14.450.532,83
2009	0,00	29.251.661,32	1.675.374,27	16.476.502,76	12.775.158,56
2010	4.217.756,82	33.469.418,14	1.851.099,24	18.327.602,00	15.141.816,14
2011	880.808,43	34.350.226,57	1.966.734,32	20.294.336,32	14.055.890,25
2012	3.827.938,00	38.178.164,57	1.711.014,10	22.005.350,42	16.172.814,15
2013	0,00	38.178.164,57	1.940.546,80	23.945.897,22	14.232.267,35
2014	0,00	38.178.164,57	1.938.324,98	25.884.222,20	12.293.942,37
2015	3.471.104,40	41.649.268,97	2.096.988,54	27.981.210,74	13.668.058,23
2016	3.652.600,00	45.301.868,97	2.186.958,28	30.168.169,02	15.133.699,96
2017	5.947.305,76	51.249.174,73	2.529.231,68	32.697.400,69	18.551.774,04
2018	0,00	51.249.174,73	2.526.813,27	35.224.213,96	16.024.960,77
2019	0,00	51.249.174,73	2.262.488,25	37.486.702,21	13.762.472,52
Total	51.249.174,73		37.486.702,21		

Así mesmo o seguinte cadro recolle a evolución teórica correspondente ao investimento pendente de amortizar no acordo da prorroga:

Ano	Inversión anual	Inversión acumulada	Amortización teórica	amortización real	amortización acumulada	inversión pendente de amortizar
2019		51.249.174,73	2.248.240,02	2.262.488,25	37.486.702,22	13.762.472,51
	51.249.174,73		38.743.860,16		37.486.702,22	13.762.472,51
2020		51.249.174,73	1.853.185,36	1.829.015,49	39.315.717,71	11.933.457,03



Concello de Vigo

Ano	Inversión anual	Inversión acumulada	Amortización teórica	amortización real	amortización acumulada	inversión pendente de amortizar
2021		51.249.174,73	1.908.780,92	1.908.780,92	41.224.498,63	10.024.676,10
2022		51.249.174,73	1.542.319,70	1.542.319,70	42.766.818,33	8.482.356,40
2023		51.249.174,73	1.526.826,61	1.526.826,61	44.293.644,94	6.955.529,79
2024		51.249.174,73	1.360.659,76	1.360.659,76	45.654.304,70	5.594.870,03
2025		51.249.174,73	1.195.358,11	1.195.358,11	46.849.662,80	4.399.511,93
2026		51.249.174,73	1.231.218,85	1.231.218,85	48.080.881,65	3.168.293,08
2027		51.249.174,73	1.036.296,52	1.036.296,52	49.117.178,17	2.131.996,56
2028		51.249.174,73	746.386,75	746.386,75	49.863.564,92	1.385.609,81
2029		51.249.174,73	104.281,99	104.281,99	49.967.846,92	1.281.327,81
			12.505.314,57			
			51.249.174,73		-1.281.327,81	

Na seguinte táboa procedese a realizar os axustes en relación a amortización real correspondente os exercicios 2020, 2021, nos cales acumúlanse novas perdas de amortización derivadas da importante minoración no número de viaxeiros de pago en cada unha destas anualidades:

Ano	Nº de viaxeiros/ calculo tarifa	Nº de viaxeros de aplicación tarifa	Amortización teórica	amortización real	diferenza	inversión pendente de amortizar
2019		20.617.937				13.762.472,51 €
2020	20.617.937	13.197.481	1.853.185,36	1.829.015,49	-24.169,87	11.933.457,03 €
2021	20.617.937	13.197.481	1.908.780,92	1.421.485,05	-487.295,88	10.511.971,98 €
2022	16.081.991	15.216.032				

Cadro de amortización cos datos aplicado do ano 2021:

Ano	Inversión anual	Inversión acumulada	Amortización teórica	amortización real	amortización acumulada	inversión pendente de amortizar
2019		51.249.174,73	2.248.240,02	2.262.488,25	37.486.702,22	13.762.472,51
	51.249.174,73		38.743.860,16		37.486.702,22	13.762.472,51
2020		51.249.174,73	1.853.185,36	1.829.015,49	39.315.717,71	11.933.457,03
2021		51.249.174,73	1.908.780,92	1.421.485,05	40.737.202,75	10.511.971,98
2022		51.249.174,73	1.542.319,70	1.542.319,70	42.279.522,45	8.969.652,28
2023		51.249.174,73	1.526.826,61	1.526.826,61	43.806.349,06	7.442.825,67
2024		51.249.174,73	1.360.659,76	1.360.659,76	45.167.008,82	6.082.165,91
2025		51.249.174,73	1.195.358,11	1.195.358,11	46.362.366,93	4.886.807,80
2026		51.249.174,73	1.231.218,85	1.231.218,85	47.593.585,78	3.655.588,95
2027		51.249.174,73	1.036.296,52	1.036.296,52	48.629.882,30	2.619.292,44
2028		51.249.174,73	746.386,75	746.386,75	49.376.269,05	1.872.905,69
2029		51.249.174,73	104.281,99	104.281,99	49.480.551,04	1.768.623,69

Ano	Inversión anual	Inversión acumulada	Amortización teórica	amortización real	amortización acumulada	inversión pendiente de amortizar
			12.505.314,57			
			51.249.174,73		-1.768.623,69	

b.9.2.- Estimación do importe de tarifa de aplicación a amortización de flota ano 2022:

a.- Os cálculos realizados no expediente de aprobación de tarifa para o ano 2022, acadan os seguintes número de referencia:

- Importe de A+F de amortización de flota derivada do acordo da prorrogación:
 - Inversión pendiente de amortizar: 10.024.676,10 €
 - Intereses sobre capital pendiente amortizar (8%): 801.974,09 €
 - Cota de Amortización para o ano 2022: 1.542.319,70 €
 - Importe TOTAL (A+F) para aplicación en tarifa: **2.344.293,79 €**

b.- Datos para o calculo dos axustes a realizar para a amortización de flota no ano 2022 en relación a realidade das actuación previstas:

- Importe de A+F de amortización de flota derivada do acordo da prorrogación:
 - Inversión pendiente de amortizar: 10.511.971,98 €
 - Intereses sobre capital pendiente amortizar (8%): 840.957,76 €
 - Cota de Amortización para o ano 2022: 1.542.319,70 €
 - Importe TOTAL (A+F) para aplicación en tarifa: **. 2.383.277,46 €**

b.9.3.- Amortización correspondente aos vehículos novos incorporados no exercicio 2022.

a.- Os cálculos realizados no expediente de aprobación de tarifa para o ano 2022, acadan os seguintes número de referencia:

- Importe de A+F de amortización de flota derivada da incorporación de novos vehículos: (coa previsión de incorporación 6 meses do ano 2022)
 - Inversión pendiente de amortizar: 11.120.200,00 €
 - Intereses sobre capital pendiente amortizar (3%): 166.803,00 €
 - Cota de Amortización para o ano 2022: 391.776,24 €
 - Importe TOTAL para aplicación en tarifa: **558.579,24 €**

b.- Datos para o calculo dos axustes a realizar para a amortización de flota no ano 2022 en relación a realidade das actuación previstas:

Axuste do importe total do investimento: Atendendo a documentación acreditativa presentada por VITRASA, os custes dos vehículos experimentan un lixeiro incremento de acordo co seguinte cadro:



Concello de Vigo

	Tipo vehículo	Proposta	Orzamento (inicial)	Importe total (inicial)	Orzamento final	Importe total final
Año 2022	10 m	1	280.200,00	280.200,00	285.949,50	285.949,50
	12 m	18	388.000,00	6.984.000,00	398.721,84	7.176.993,12
	12 m	4	388.000,00	1.552.000,00	399.321,84	1.597.287,36
	18 m	6	384.000,00	2.304.000,00	393.649,15	2.361.894,90
			29		11.120.200,00	

	Tipo vehículo	Proposta	Orzamento (inicial)	Importe total (inicial)	Orzamento final	Importe total final
Año 2023	12 m	20	388.000,00	7.760.000,00	398.721,84	7.974.436,80

Axuste do período de recuperación da inversión para o ano 2022: Debese destacar que os cálculos do ano 2022 e 2023 teñen en conta que o investimento polo importe de 11.422.124,88 €, se operativizan coa posta en funcionamento dos vehículos e na data de emisión deste informe, e de acordo coa documentación complementaria a solicitude de revisión de tarifa, remitida polo concesionario con data 22 de novembro, ven a xustificar coas certificacións dos fabricantes atrasos nos procesos de fabricación derivados dos problemas na cadea de subministros para a fabricación do cal se deriva a seguinte previsión:

	Tipo vehículo	Proposta	Orzamento final	Importe total final	Data de incorporación
Año 2022	10 m	1	285.949,50	285.949,50	Febreiro 2023
	12 m	18	398.721,84	7.176.993,12	Xaneiro 2023
	12 m	4	399.321,84	1.597.287,36	Xaneiro 2023
	18 m	6	393.649,15	2.361.894,90	Febreiro 2023
			29		11.422.124,88

	Tipo vehículo	Proposta	Orzamento final	Importe total final	
Año 2023	12 m	20	398.721,84	7.974.436,80	Xullo 2023

O interese de aplicación para os novos investimentos na flota, quedou determinado no acordo de prorroga en relación ao: “*Tipo de interese aplicable para a recuperación da inversión que se faga durante a prórroga: Será o tipo de interese vixente no mercado financeiro e de capital, determinado por acordo entre as partes co limite do 8%.*”

En base a esta condición estimase que o interese de aplicación debe referirse ao tipo de interese legal do diñeiro que se aplica como referencia para normas legais ou pactos en contrato e que se determina anualmente na Lei de Presuposto Xerais do Estado. Dito tipo de interese para o ano 2022 esta fixado nun 3,00 %, e así mesmo o proxecto de Lei de Presuposto Xerais do Estado para o ano 2023 fixa un 3,25%.

Cadro dos cálculos de intereses dos investimentos no período de prorroga e determinación do importe A+F de cada anualidade da prorroga:

Se achega con este documento como anexo I, copias dos cadros de calculo da amortización e intereses de cada unha das operacións financeiras vinculadas as propostas de adquisición de novos vehículos, tendo en conta que para o ano 2023 e seguintes se aplica un interese do 3,25%

A previsión sobre a incorporación dos vehículos novos, obriga a unha revisión do plan de amortización eliminando do ano 2022 toda a amortización prevista para estes investimentos e co obxectivo de acadar unha estimación equilibrada para o ano 2023, sempre susceptible do axuste que proceda da realidade da posta en funcionamento dos vehículos, proponse:

- Aplicar o investimento por importe de 11.422.124,88 € a totalidade do ano 2023 (12 meses)
- Aplicar o investimento por importe de 7.974.436,80 € a partir do 1 de xullo de 2023 (6 meses)

Polo exposto o novo cadro teórico de amortización de todos os investimentos en novos vehículos coa revisión das inversión previstas para os anos 2022 e 2023, así como o axuste da aplicación do interese previsto para o 2023 e o seguinte:

	Amortización teórica período prorroga - novas inversións	Inversión pendente de amortizar	Intereses inversión no amortizada (3,25 %)	amortización real= (Ingreso para A+F)-Intereses	Ingreso de tarifa para A+F de Flota
	27.646.802,60 €				
2020	0,00		0,00		
2021	0,00		0,00	0,00	0,00
2022	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
2023	1.070.443,74	18.326.117,94	500.803,66	1.070.443,74	1.571.247,40
2024	1.547.493,07	17.463.296,21	672.924,11	1.547.493,07	2.220.417,17
2025	2.005.628,57	23.023.237,21	813.438,14	2.005.628,57	2.819.066,71
2026	2.070.811,50	20.952.425,71	748.255,21	2.070.811,50	2.819.066,71
2027	2.138.112,88	18.814.312,83	680.953,84	2.138.112,88	2.819.066,71
2028	2.207.601,55	16.606.711,29	611.465,17	2.207.601,55	2.819.066,71
2029	2.279.348,60	14.327.362,69	539.718,12	2.279.348,60	2.819.066,71
2030	2.353.427,42	11.973.935,27	465.639,29	2.353.427,42	2.819.066,71
2031	2.429.913,82	9.544.021,45	389.152,90	2.429.913,82	2.819.066,71
2032	2.508.886,02	7.035.135,44	310.180,70	2.508.886,02	2.819.066,71
2033	2.590.424,81	4.444.710,63	228.641,90	2.590.424,81	2.819.066,71
2034	2.674.613,62	1.770.097,01	144.453,10	2.674.613,62	2.819.066,71
2035	1.190.291,16	579.805,85	57.528,15	1.190.291,16	1.247.819,31
2036	579.805,85	0,00	18.843,69	579.805,85	598.649,54

Con esta previsión os cálculos de A+F para a estimación de tarifa do ano 2023 corresponde-se cos seguinte importes:



Concello de Vigo

Descrición inversión	Importe aplicación 2023		Intereses	Cota teórica de amortización
Inversión da renovación flota 2022, aplicada no ano 2023	11.422.124,88 €	3,25%	371.219,06 €	793.462,89 €
Inversión da renovación flota 2023: 7.974.436,80 € se aplica o correspondente a 6 meses de amortización no ano 2023:	3.987.218,40 €	3.25%	129.584,60 €	276.980,85 €
		Total	500.803,66 €	1.070.443,74 €
Importe TOTAL para aplicación en tarifa:	1.571.247,40 €			

b.9.4.- ESTIMACIÓN DE INGRESO DE TARIFA 2022 PARA AMORTIZACIÓN A+F FLOTA:

Estimación de viaxeiros do ano 2022: para a determinación do número de viaxeiros que posibilite unha aplicación axustada a realidade e necesario atender os datos reais a data do 30/10/2022, os cales indican un porcentaxe dun 73,33% sobre o 2019, polo cal, estimase que o ano 2022 pode rematar cunha referencia dun 73,80% o cal equivale a **15.216.038 viaxeiros** de pago.

➤ Importe de tarifa para amortización de material móbil: **0,1805 €**

Con estes datos, a **estimación do importe de amortización de flota para a súa aplicación no ano 2022** ascende o importe de (15.216.032 viaxeiros de pago x 0,1805 € = 2.746.494,86 €), polo cal procede realizar os seguintes cálculos:

Couta de tarifa para amortización	2.746.494,86 €
Intereses capital pendente do acordo de prorroga:	-840.957,76 €
Cota teórica de amortización para o ano 2022	-1.542.319,70 €
Intereses capital da incorporación novos vehículos 2022 (non aplica)	00,00 €
Cota teórica de amortización novos vehículos 2022 (non aplica)	00,00 €
Saldo (*):	363.217,40 €

(*) Atendendo o atraso na incorporación dos vehículos novos tal como estaba previsto na aprobación de tarifa para o ano 2022 (prevista a súa aplicación no segundo semestre do ano 22) a amortización a aplicar e menor da prevista (inicialmente estaban previsto 6 meses e na actualidade non se aplica nada no ano 2022). Existe un diferencial positivo para amortización de inversión de flota de 363.217,40 €, que se aplica para minorar a amortización do crédito vinculado a inversión pendente, polo cal a couta de amortización teórica de 1.542.319,70 incrementase en 363.217,40 €, e polo tanto amortízase un importe de **1.890.044,01 €**

Actualización dos importes A+F para aplicación a tarifa durante o período da prorroga, partindo dos 13.762.472,51 €, pendentes de amortizar a 31/12/2019.

	Amortización teórica período prorroga	Inversión pendiente de amortizar	Intereses inversión no amortizada (8%)	Ingreso de tarifa para A + F de flota
		13.762.472,51		
2020	1.829.015,49	11.933.457,03	1.100.997,80	2.930.013,29
2021	1.421.485,05	10.511.971,98	954.676,56	2.376.161,61
	1.542.319,70 (*)			
2022	Aplicada: 1.890.044,01	8.606.434,88	840.957,76	2.746.494,86
2023	1.526.826,61	7.079.608,27	688.514,79	2.215.341,40
2024	1.360.659,76	5.718.948,51	566.368,66	1.927.028,42
2025	1.195.358,11	4.523.590,41	457.515,88	1.652.873,99

Con esta previsión os cálculos de A+F para a estimación de tarifa do ano 2023 corresponde-se cos seguinte importes:

Descrición inversión	Importe aplicación 2023	Intereses	Cota teórica de amortización
Inversión pendiente de amortizar	8.606.434,88 €	8,00% 688.514,79 €	1.526.826,61 €

Importe TOTAL para aplicación en tarifa: **2.215.341,40 €**

b.9.6.- D) IMPORTE TOTAL PARA O CALCULO DA PARTE DE TARIFA DE APLICACIÓN A AMORTIZACIÓN DE FLOTA:

Importe TOTAL (INVERSIÓN PENDENTE + NOVOS VEHÍCULOS) =	
Importe sobre inversión pendiente:	2.215.341,40 € €
Importe sobre novos vehículos:	1.571.247,40 €
TOTAL:	3.786.588,80 €

b.9.- Calculo da repercusión por **viaxeiro** e **qm** en relación a previsión de amortización mais intereses en relación os investimentos en material móbil (flota vehículos) :

$$\text{€/viaxeiro} = \frac{3.786.588,80}{16.906.708} = \mathbf{0,2240}$$

$$\text{€/quilómetro} = \frac{3.786.588,80}{6.250.000} = \mathbf{0,6059}$$

b.10.- REPERCUSIÓN TERREOS

b.10.1.-Investimentos en terreos e instalacións 1995-2019.

No cadro seguinte reflíctese o importe das inversións e das amortizacións realizadas ao longo do período concesional, e por diferenza, o importe das inversións pendente de amortizar.



Concello de Vigo

Custe de A+F recoñecida para amortización investimento en terreos: 20 cuotas de 597,707,14 € que ascende a un total de 11,954.142,80 €

Ano	A+F Teórica	Inversión acumulada	Amortización real do exercicio	Amortización acumulada	Investimentos pendentes de amortizar a 31/12
1995			0,00	0,00	0,00
1996			0,00	0,00	0,00
1997			0,00	0,00	0,00
1998			0,00	0,00	0,00
1999			0,00	0,00	0,00
2000	597.707,14	11.954.142,80	554.879,78	554.879,78	11.399.263,02
2001	597.707,14	11.954.142,80	555.472,75	1.110.352,53	10.843.790,27
2002	597.707,14	11.954.142,80	547.978,81	1.658.331,34	10.295.811,46
2003	597.707,14	11.954.142,80	560.108,68	2.218.440,02	9.735.702,78
2004	597.707,14	11.954.142,80	575.893,82	2.794.333,84	9.159.808,96
2005	597.707,14	11.954.142,80	611.800,14	3.406.133,98	8.548.008,82
2006	597.707,14	11.954.142,80	612.448,53	4.018.582,51	7.935.560,29
2007	597.707,14	11.954.142,80	598.903,82	4.617.486,33	7.336.656,47
2008	597.707,14	11.954.142,80	595.597,57	5.213.083,90	6.741.058,90
2009	597.707,14	11.954.142,80	578.371,05	5.791.454,95	6.162.687,85
2010	597.707,14	11.954.142,80	590.271,61	6.381.726,56	5.572.416,24
2011	597.707,14	11.954.142,80	611.828,11	6.993.554,67	4.960.588,13
2012	597.707,14	11.954.142,80	569.021,39	7.562.576,06	4.391.566,74
2013	597.707,14	11.954.142,80	0,00	7.562.576,06	4.391.566,74
2014	597.707,14	11.954.142,80	137.377,77	7.699.953,83	4.254.188,97
2015	597.707,14	11.954.142,80	595.573,00	8.295.526,83	3.658.615,97
2016	597.707,14	11.954.142,80	607.288,89	8.902.815,72	3.051.327,08
2017	597.707,14	11.954.142,80	599.078,51	9.501.894,23	2.452.248,57
2018	597.707,14	11.954.142,80	608.962,92	10.110.857,15	1.843.285,65
2019	597.707,14	11.954.142,80	599.981,97	10.710.839,12	1.243.303,68
Total	11.954.142,80		10.710.839,12		1.243.303,68

b.10.2.- O sistema de amortización empregado para a recuperación dos terreos e instalacións é o de cota constante de amortización e intereses, sendo a cota para 2020 de 597.707,14 euros, calculándose a súa repercusión en tarifa en función dos viaxeiros estimados e reaxustándose con posterioridade o importe da amortización efectiva tendo en conta os viaxeiros reais do exercicio.

O acordo da XGL da proposta de prorroga indica que a cantidade pendente de amortizar a 31/12/2019, sexa amortizada en dous anos (2020 e 2021), establecéndose pois a seguinte distribución:

ano 2020= 597,707,14 € e ano 2021 = 645,596,56 €.

b.10.3.- Situación actual da amortización do investimento pendente dos terreos:

	Inversión pendente de amortizar 1.243.303,68	Importe real de amortización	Intereses inversión no amortizada (6%)	Ingreso de tarifa para A+F de Terreos	Amortización prevista por tarifa para o ano 2021			Total viaxeiros 2020 aplicación amortización terreos	Cuota de tarifa para amortización Terreos s/IVE
					nº de viaxeiros de pago reais	Nº de Viaxeiros por Indemnización 18/12/2020	Nº de Viaxeiros por Indemnización 30/06/2021		
2020	808.692,64	434.611,04	41.986,98	476.598,02	11.735,974	1.788.449	2.853.516	16.377.939	0,0291
2021	470.706,08	335.027,88	48.521,56	386.986,56	13.282,066			13.282.066	0,0291
2022	24.208,05	446.498,03	28.242,36	474.740,39	15.216,038			15.216.038	0,0312
2023		24.208,05	1.452,48						

b.10.4.- Cantidade pendente de amortizar para o ano 2023 = 470.706,08 € - 474.740,39 € = 24.208,05 €, polo cal o importe A+F para o ano 2023 e de 24.208,05 € + 1.452,48 € = **25.660,53 €**

b.10.5.- Xustificación dun novo investimento nas instalacións: Coa posta en funcionamento dos vehículos híbridos e necesaria unha mellora nas mesmas para instalar novos equipos para o reequilibrado das baterías destes vehículos cunha estimación económica de 56.000,00 € e unha proposta de amortización nun período 48 meses a aplicar dende o mes de xullo do ano 2023.

Cadro de amortización: Inicio xullo do ano 2023

	Amortización teórica período prorroga - novas inversións	Inversión pendente de amortizar	Intereses inversión no amortizada (3,25%)	Ingreso de tarifa para A+F de Flota
	56.000,00			
2023	6.692,76	49.307,24	840,00	7.532,76
2024	13.586,30	35.720,95	1.479,22	15.065,51
2025	13.993,89	21.727,06	1.071,63	15.065,51
2026	14.413,70	7.313,36	651,81	15.065,51
2027	7.313,36	0,00	219,40	7.532,76

b.10.6.- IMPORTE TOTAL A AMORTIZAR EN RELACIÓN A TERREOS E INSTALACIÓNS:

A+F dos terreos para o ano 2023:	25.660,53 €
A+F das novas instalacións reequilibrado das baterías para o ano 2023	7.532,76 €
	33.193,28 €

b.10.7.- Repercusión por viaxeiro e qm da amortización e intereses previstos para o ano 2023:

33.193,28 €



Concello de Vigo

$$\begin{array}{r} \text{€/viaxeiro} \quad \text{-----} = \mathbf{0,0020 \text{ €/viaxeiro}} \\ 16.906.708 \end{array}$$

$$\begin{array}{r} \quad \quad \quad 33.193,28 \text{ €} \\ \text{€/quilómetro} \quad \text{-----} = \mathbf{0,0053 \text{ €/quilómetro}} \\ 6.250.000 \end{array}$$

b.11.- INGRESOS POR PUBLICIDADE

Este concepto busca equilibrar o custes do servizo en relación a determinación da tarifa usuario, polo cal a aplicación do mesmo se fai en base a determinar que ingresos de publicidade serán de aplicación a minoración da tarifa , polo cal a súa aplicación sempre ten referencia os ingresos dun ano, igual que os viaxeiros e qm son en relación aun único ano.

En relación a este factor, o criterio se basa en utilizar a referencia dos ingresos anuais do ultimo ano completo, e para esta referencia a concesionaria manifesta que os ingresos pola publicidade ascenden a 193.853,06 € aportando certificados expedidos polas empresas contratistas JCDECAUX ESPAÑA SLU e Global Media & Entertainment SAU (anterior Exterión Media Spain S.A.U., sendo este importe válido para a referencia do seguinte calculo.

$$\begin{array}{r} \quad \quad \quad 193.853,06 \\ \text{O que supón unha dedución de} \quad \text{-----} = \mathbf{0,0115 \text{ €/viaxeiro}} \\ 16.906.708 \end{array}$$

$$\begin{array}{r} \quad \quad \quad 193.853,06 \\ \text{O que supón unha dedución de} \quad \text{-----} = \mathbf{0,0310 \text{ €/quilómetro}} \\ 6.250.000 \end{array}$$

C.- PREZOS RESULTANTES DA APLICACIÓN DA FORMULA POLINÓMICA

De conformidade cos valores obtidos os prezos resultantes son os seguintes:

PREZO BILLETE ORDINARIO:

	2023	
Custe unitario		1,1368
Por repercusión material móbil (flota)		0,2240
Por repercusión de terreos		0,0020
Por publicidade		-0,0115
Base imponible		1,3513
IVE (10%)		0,1351
Total		1,4864
Redondeo		1,49

PREZO COCHE /QUILOMETRO

2023

Por custe unitario	4,5871
Por repercusión material móbil (flota)	0,6059
Por repercusión de terreos	0,0053
Por publicidade	-0,0310
Base imponible	5,1673
IVE (10%)	0,5167
Total	5,6840

D.- SOLICITUDE DE INCORPORACIÓN DE NOVAS TARIFAS

En relación coa solicitude de incorporación de 2 novas tarifas especiais de 2 € e de 3 € para aqueles servizos que cumpran as condicións de maior custe económico e demanda debido a incremento de servizos especiais de tipo lúdico deportivos e outros que se veñen producindo, moitos en horario nocturno, ao amparo do artigo 63 para cubrir os custes mais elevados destes servizos, informase o seguinte :

As tarifas se regulan no artigo 63 do prego de condicións que rexe a concesión, que establece no n.º 63. 2 que “ o Concello poderá aprobar tarifas menores e distintas dá denominada tarifa ordinaria, en función do numero de billetes, horario, etc. ou de calquera outra condición que poida establecer, sendo posible, incluso a fixación de tarifas que permitan o intercambio entre determinadas liñas, sen prexizo da compensación económica procedente.

Atendendo ao anterior, no presente caso non procede a aprobación de tarifas maiores que a aprobada como tarifa ordinaria para uns servizos que xa se estan prestando e forman parte dos servizos concesionais, e a modificación do prezo destes servizos non esta amparada na regulación do artigo citado.

Para o caso de que se trate de novos servizos debera seguirse o procedemento establecido no artigo 26 do prego de condicións que rexe a concesión.

E.- PREZO DAS DISTINTAS TARIFAS SUBVENCIONADAS

Os prezos actuais das distintas tarifas subvencionadas son (acordo da XGL de 07/04/2022)

	Con IVE		Achega máxima Concello	
	Tarifa base	Tarifa base subvencionada	Diferenza coa tarifa base con IVE	Diferenza coa tarifa base sen IVE
Venta contado	1,40 €	1,40 €	-----	-----
PassVigo - Billete normal -	1,40 €	0,89 €	0,51 €	0,4636 €
PassVigo - Billete estudante -	1,40 €	0,86 €	0,54 €	0,4909 €
PassVigo - Billete Pensionista I -	1,40 €	0,00 €	1,40 €	1,2727 €
PassVigo - Billete Pensionista II -	1,40 €	0,00 €	1,40 €	1,2727 €
PassVigo - Billete Universitario -	1,40 €	0,67 €	0,73 €	0,6636 €
PassVigo - Billete social –	1,40 €	0,69 €	0,71 €	0,6454 €

Persoas mobilidade reducida que utilicen cadeira de rodas	Billete gratuíto
---	------------------



Concello de Vigo

e o seu acompañante

Procede adecuar os prezos de cada unha das tarifas subvencionadas na mesma contía que se incrementa o prezo do billete, polo que se propón actualizar os prezos das tarifas subvencionadas.

Considerando o anterior faise un calculo do importe da subvención municipal para o ano 2023. Polo que os prezos que se propoñen son os seguintes:

	Con IVE		Achega máxima Concello	
	Tarifa base	Tarifa base subvencionada	Diferenza coa tarifa base con IVE	Diferenza coa tarifa base sen IVE
Venta contado	1,49 €	Non aplica	0,00 €	0,0000 €
PassVigo - Billete normal -	1,49 €	0,98 €	0,51 €	0,4636 €
PassVigo - Billete estudante -	1,49 €	0,94 €	0,55 €	0,5000 €
PassVigo - Billete Pensionista I -	1,49 €	0,00 €	1,49 €	1,3545 €
PassVigo - Billete Pensionista II -	1,49 €	0,00 €	1,49 €	1,3545 €
PassVigo - Billete Universitario -	1,49 €	0,74 €	0,75 €	0,6818 €
PassVigo - Billete social -	1,49 €	0,78 €	0,71 €	0,6455 €

Persoas mobilidade reducida que utilicen cadeira de rodas e o seu acompañante	Billete gratuíto
---	------------------

Estimación económica derivada da aplicación das bonificacións propostas en relación a nova tarifa base para o ano 2023 de acordo coa actual base de liquidación (importe sen IVE) e de acordo coa estimación de viaxeiros de pago por tipoloxía estimada para o 2023:

	Previsión nº viaxes 2023	Importe max achega aportada polo Concello (€) importe sen IVE	
Venta contado	3.831.789	0,0000 €	0,00 €
Billete normal -	7.523.404	0,4636 €	3.487.850,09 €
Billete estudante -	656.744	0,5000 €	328.372,00 €
Billete Pensionista I -	1.408.815	1,3545 €	1.908.239,92 €
Billete Pensionista II -	2.674.345	1,3545 €	3.622.400,30 €
Billete Universitario -	769.636	0,6818 €	524.737,82 €
Billete social -	41.975	0,6455 €	27.094,86 €
	16.906.708		9.898.695,00 €

Ademais deste importe debese ter en conta a seguinte previsión de achega económica en función das liñas ao Hospital, así como a Universidade:

Hospital	650.000,00 €
Universidade	1.150.000,00 €

Estimación total de gasto coa previsión de 16.906.708 aplicando o incremento de tarifa a parte da subvención municipal destinada o usuario 11.698.695,00 €

F.- INFORMACIÓN ECONÓMICA:

De conformidade co disposto no artigo 62 de prego de condicións que rexe a concesión o concesionario estará obrigado a presentar anualmente unha auditoría de empresa, efectuada pola empresa auditora elixida polo Concello entre unha terna de recoñecida solvencia presentada polo concesionario e con estrita suxeición a lei de auditorías, sendo presentada a última auditoría correspondente ao ano 2021 na data do 13 de xuño de 2022.

G.- TRAMITE DE AUDIENCIA

Na data 28 de novembro de 2022 foi concedido tramite de audiencia a empresa concesionaria, Viguesa de Transportes S.L., dándolle traslado do informe do servizo da mesma data. Na data 1 de decembro de 2022 e a o amparo do artigo 32.1 da Lei 9/2015 de procedemento administrativo Común das administracións públicas, a empresa Viguesa de Transportes presenta solicitude de ampliación do prazo inicialmente concedido , que le foi concedido polo Concello na data 12 de decembro de 2022.

Na data 16 de decembro de 2022 foi presentado por VITRASA, a través do rexistro xeral do concello de Vigo con nº de documento 220325456, escrito de alegacións ao informe proposta de data 28 de novembro de 2022 en relación a revisión de tarifas do servizo público regular do transporte urbano colectivo de viaxeiros de Vigo para o ano 2023

No citado escrito de alegacións a concesionaria ven a indicar as seguintes alegacións:

- 1-A tarifa proposta non foi correctamente calculada.
- 2- O informe-proposta parte dunha estimación de viaxeiros para o ano 2023 que non se corresponde cos datos reais actualizados dispoñibles.
- 3-O informe -proposta parte dun dato de factor man de obra incorrecto.
- 4-A revisión de tarifas debería incorporar as dos novas tarifas solicitadas para os servizos especiais

E en conclusión solicita :

- 1) Se aprobe a revisión das tarifas para o ano 2023 nos termos recollidos no documento que se acompaña como nº 2
- 2) Se aprobe a incorporación de dos novas tarifas (de 2 e 3 € respectivamente) para servizos especiais para eventos de tipo lúdico.

Sen prexuízo de que as novas tarifas deberan aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2023 , con independencia do momento no que poida entrar en vigor a eventual subida para o usuario

II.3.- En relación a alegación primeira- a tarifa proposta no informe para o ano 2023 foi incorrectamente calculada”, debese indicar:



Concello de Vigo

Os datos correspondentes a todos os factores que compoñen a formula de revisión de tarifa, atopanse perfectamente xustificados e acreditados no contido do informe proposta alegado, sendo os mesmos axustados o procedemento de calculo.

En relación coa redución operada no calculo do factor combustible correspondese coa redución dende o pasado 1 de abril do ano 2022, dos importes de referencia do gasóleo de automoción pola aplicación do desconto de -20 céntimos de euros por regulación do Estado

O índice que se aplica é á media dos prezos medios do gasóleo de automoción, dende setembro a agosto do ultimo ano, publicados pola Subdirección Xeral de Hidrocarburos do Ministerio de Industria, Turismo y Comercio, actualmente Ministerio para a transición ecolóxica e Reto Demográfico , e dende o pasado 1 de abril do ano 2022, os importes de referencia do gasóleo de automoción teñen un desconto de aplicación por regulación do Estado de -20 céntimos de euros, polo cal procede corrixir o índice de referencia

De acordo coa documentación aportada polo concesionario e confirmada na paxina WEB do geoportal do Ministerio para a Transición ecolóxica e reto demografico, os indices utilizados tal como queda indicado no informe que se achega na documentación presentada por VITRASA identifica como indice dos prezos medios nacionais un valor que no inclue o desconto de 20 c€/l aprobado polo RO-Ley 11/2022, polo cal tendo en conta o concepto do indice sobre o prezo do gasoleo para a aplicación da formula regulada no prego deste contrato, debese ter en conta que sobre dito indice no periodo abril/setembro 2022, debe ser minorado o PVP indicado como prezo medio nacional do gasoleo automoción co importe do 20c/€ l referido.

En relación coa inclusion das amortizacions pendentes no exercicio 2023, non proceden como xa e manifestou no informe correspondente a revisión de tarifas para o ano 2022, de conformidade co disposto na sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo de data 5 de xuño de 2012, e en todo caso a reclamacion formulada pola empresa concesioanria, esta pendente de resolucion no recurso contencioso administrativo interposto ante o Xulgado Contencioso administrativo n.º 2 de Vigo.

En relación co numero de viaxeiros a previsión se realizo de conformidade ao disposto no apartado quinto do acordo da Xunta de Goberno local de data 21 de decembro de 2009, pola que establece un procedemento para determinar o nº de viaxeiros aos efectos de revisión tarifaría, axustandose a proposta realizada pola empresa concesionaria na solicitude presentada na data 30 de outubro, polo que considerase que debe manterse o n.º de viaxeiros previsto que e o que realmente axustase o obtense de conformidade co disposto no mencionado acordo da Xunta de Goberno local.

En relación coa alegación relativa a que o informe proposta parte dun factor mano de obra incorrecto, non pode admitirse , xa que de conformidade co disposto no prego de condicións que rexe a concesión e a oferta presentada pola empresa concesionaria, o valor da man de obra revisarase en función do Convenio Provincial de Pontevedra do Sector dos Transportes, correspondente a un traballador con categoría laboral de condutor, supoñendo constante o numero de horas traballadas, tendo en conta os custes da seguridade social e

outras cargas que corresponda pagar a empresa., e a última táboa salarial aprobada en relación co citado convenio correspondese coa publicada no BOPP do 2 de setembro de 2020. que recolle que o importe salarial que corresponde a un traballador traballador con categoría laboral de condutor, e de 27.150,58 €

A cantidade que propón a empresa como factor man de obra de 31.344,25 €. a obtén aplicando uns índices que non figuran regulados nin no prego de condición que rexe a concesión nin na oferta presentada pola empresa concesionaria.(unha subida do IPC real para o ano 2021 dun 6,5% e unha estimación (Funcas) do IPC para o ano 2022 dun 8,4%.)

En relación coa incorporación das novas tarifas non pode aceptarse a interpretación que fai a empresa concesionaria do contido do artigo 63.2, al considerar que como as tarifas propostas son inferiores as que realmente procederían considerando os custos reais de prestación destes servizos, están incluídas no citado artigo, cando no mesmo o que se di que “ poderán aprobarse tarifas menores e distintas da denomina tarifa ordinaria , en función do número de billetes , horario, etc “

E como xa se di no informe proposta de data 28 de novembro de 2022: ““Atendendo ao anterior, no presente caso non procede a aprobación de tarifas maiores que a aprobada como tarifa ordinaria para uns servizos que xa se están prestando e forman parte dos servizos concesionais, e a modificación do prezo destes servizos non está amparada na regulación do artigo citado.”

Polo exposto, se propón a desestimación das alegacións efectuadas pola empresa concesionaria do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros, ao informe proposta realizado polo servizo de transportes na data 28 de novembro de 2022, durante o período de trámite de audiencia concedido , e a ratificación do contido do citado informe proposta.

H.- PROPOSTA DE ADECUACIÓN DA TARIFA SUBVENCIONADA RD-L 20/2022:

O BOE de data 28/12/2022, publico o Real Decreto-Lei 20/2022, do 27 de decembro, sobre medidas de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra de Ucraína e apoio á reconstrución da illa da Palma e outras situacións de vulnerabilidade. Este Real decreto se orienta conter os prezos e apoiar os cidadáns e empresas máis afectados en cinco ámbitos principais entre os que se atopa os sistemas de bonificación no transporte público colectivo, establecendo un sistema de axudas directas correspondentes o primeiro semestre do ano 2023. Esta axuda permitira bonificar o 30% do prezo do transporte urbano de competencia municipal en aqueles municipios que acorden unha bonificación adicional do 20%, acadando unha bonificación do 50% no prezo para os viaxeiros habituais. Esta proposta desenvólvese nos artigos 43 a 49 deste RD-L.

De forma específica débese destacar:

- Beneficiarios: Serán beneficiarias do sistema de axudas as entidades locais que presten servizo de transporte colectivo urbano.
- Período: dende o 1 de xaneiro de 2023, con vixencia ata o 30 de xuño de 2023, unha redución do prezo dos abonos e dos billetes multiviaxe, excluído o billete de ida e volta, dos servizos de transporte terrestre da súa competencia, nunha porcentaxe mínima de 50% sobre o prezo habitual.



Concello de Vigo

- No caso de que a implantación efectiva sexa posterior ao 1 de xaneiro e non supere o 1 de febreiro de 2023, deberán habilitar un procedemento de devolución ou compensación das cantidades que correspondan á compra de billetes multiviaxe, excluído o de ida e volta, quen non puidese beneficiarse da redución ou, no seu defecto, descontarse a parte proporcional da axuda a percibir polos días de xaneiro que non se executara o desconto.
- Obrigas: As entidades locais deberán financiar, con cargo aos seus propios orzamentos, o desconto de polo menos un 20% no prezo dos abonos e dos multiviaxes, excluído o billete de ida e volta.
- Aplicación da achega do Estado: Os posibles beneficiarios presentarán unha solicitude antes do 31 de xaneiro de 2023 na Sede Electrónica do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, cubrindo o formulario electrónico que se pon á súa disposición para o efecto e no que, necesariamente, deberán incluír a conta bancaria na que queren que se realice o pagamento.

A solicitude deberá incluír, en todo caso, o compromiso de implantar, dende o 1 de xaneiro ata o 30 de xuño de 2023, unha rebaixa no prezo dos abonos e dos billetes multiviaxe de polo menos o 50 % nos termos do artigo 44, e a financian con cargo aos seus propios orzamentos a cantidade que resulte necesaria para compensar ás entidades e operadores de transporte pola aplicación da bonificación e os gastos a que se refire o artigo 48, que ven a indicar que as cantidades percibidas polas entidades locais con cargo aos complementos de crédito que se autorizan deberán destinarse exclusivamente ao financiamento da prestación do servizo de transporte público urbano e, en todo caso, á compensación das entidades e operadores de transporte que realicen os descontos efectivos pola perda de ingresos que supuxo a implantación da medida.

Esta compensación cubrirá, polo menos, os menores ingresos obtidos durante os seis meses de aplicación do desconto, os gastos de execución da medida e os gastos financeiros en que se puidese incurrir, polo procedemento que acorde cada administración.

Todo isto, coas limitacións establecidas por Orde Ministerial do titular do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

A vista dos condicionantes establecidos no RD-L 20/2022, e tendo en conta que o mesmo será desenvolto cos condicionantes que estableza a correspondente Orde Ministerial do titular do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, corresponde o Concello de Vigo como titular do servizo municipal de transporte urbano colectivo de viaxeiros, tomar as medidas adecuadas que posibiliten a aplicación deste sistema de bonificacións os viaxeiros habituais a través dos sistema de multiviaxe bonificados a través do sistema de tarxeta moedeiro PASSVIGO.

En relación a esta proposta debese ter en conta que o Concello de Vigo por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xullo de 2022, acordou a aplicación da bonificación establecida polo Real Decreto-lei 11/2022, de 25 de xuño, do 30%” para os prezos do sistema de pago do transporte urbano de Vigo a través da tarxeta moedeiro PASSVIGO sobre a tarifa vixente na actualidade para o ano 2022 de acordo co seguinte cadro:



Concello de Vigo

	IMPORTES TARIFA CON IV A			
	Tarifa base	Tarifa base subvencionada	Bonificación MITMA 30%	Tarifa con bonificación MITMA -30%
IMPORTES TARIFAS BONIFICADAS CON O TARXETA MOEDEIRO PASSVIGO				
Tarxeta moedeiro Passvigo (billete normal)	1,40 €	0,89 €	0,27 €	0,62 €
Tarxeta moedeiro Passvigo (billete estudante)	1,40 €	0,86 €	0,26 €	0,60 €
Tarxeta moedeiro Passvigo (billete pensionista)	1,40 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Tarxeta moedeiro Passvigo (billete pensionista II)	1,40 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Tarxeta moedeiro Passvigo (billete universitario)	1,40 €	0,67 €	0,20 €	0,47 €
Tarxeta moedeiro Passvigo (billete social)	1,40 €	0,69 €	0,21 €	0,48 €

A vista do presente expediente de aprobación da nova tarifa para o ano 2023 e tendo en conta os condicionantes establecidos no RD-L 20/2022 en canto os prazos para a aplicación da bonificación no sistema de transporte urbano de viaxeiros, procede axustar os importes das tarifas vixentes no ano 2022 de maneira que as bonificacións aplicables correspondense coas que deriven da aprobación e aplicación das tarifas para o ano 2023.

Esta proposta ten por obxecto axilizar o procedemento de aplicación para o 1 de xaneiro do ano 2023, posibilitando unha rebaixa moi importante no prezo do billete para os viaxeiros habituais e garantindo o compromiso que debe afrontar o Concello de Vigo sobre a obriga financiar, con cargo aos seus propios orzamentos, o desconto de polo menos un 20% no prezo dos abonos e dos multiviaxes.

Para a aplicación deste novo desconto propónse a seguinte adecuación na tarifa bonificada polo Concello de Vigo vixente na actualidade, de aplicación no período transitorio ata a aplicación real da nova tarifa do ano 2023.

	Con IVE		Bonificación do 50 %		Nova tarifa subvencionada
	Tarifa base	Nova Tarifa base subvencionada	Bonificación Concello (20%)	Bonificación Estado (30 %)	
Venta contado	1,40 €	1,40 €	0,00 €	0,00 €	Non aplica
PassVigo - Billete normal -	1,40 €	0,98 €	0,20 €	0,29 €	0,49 €
PassVigo - Billete estudante -	1,40 €	0,94 €	0,19 €	0,28 €	0,47 €
PassVigo - Billete Pensionista I -	1,40 €	0,00 €	1,40 €	0,00 €	0,00 €
PassVigo - Billete Pensionista II -	1,40 €	0,00 €	1,40 €	0,00 €	0,00 €
PassVigo - Billete Universitario -	1,40 €	0,74 €	0,15 €	0,22 €	0,37 €
PassVigo - Billete social -	1,40 €	0,78 €	0,16 €	0,23 €	0,39 €

Comparativa:

Importes IVE incluído		
	Tarifa bonificada actual	Nova tarifa subvencionada
Venta contado	Non aplica	Non aplica
PassVigo - Billete normal -	0,62 €	0,49 €
PassVigo - Billete estudante -	0,60 €	0,47 €
PassVigo - Billete Pensionista I -	0,00 €	0,00 €
PassVigo - Billete Pensionista II -	0,00 €	0,00 €
PassVigo - Billete Universitario -	0,47 €	0,37 €
PassVigo - Billete social –	0,48 €	0,39 €

Así mesmo en relación a nova tarifa para o ano 2023 propónse na seguinte táboa a aplicación dos descontos para a aplicación da bonificación do 50 %:

	Con IVE		Bonificación do 50 %		Nova tarifa subvencionada
	Tarifa base	Nova Tarifa base subvencionada (*)	Bonificación Concello (20%)	Bonificación Estado (30 %)	
Venta contado	1,49 €	1,49 €			Non aplica
PassVigo - Billete normal -	1,49 €	0,98 €	0,20 €	0,29 €	0,49 €
PassVigo - Billete estudante -	1,49 €	0,94 €	0,19 €	0,28 €	0,47 €
PassVigo - Billete Pensionista I -	1,49 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
PassVigo - Billete Pensionista II -	1,49 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
PassVigo - Billete Universitario -	1,49 €	0,74 €	0,15 €	0,22 €	0,37 €
PassVigo - Billete social –	1,49 €	0,78 €	0,16 €	0,23 €	0,39 €

Cálculos económicos en relación a aplicación desta nova bonificación do 20 % nos prezos dos sistemas de multivixes regulados a través da Tarxeta PASSVIGO:

No apartado E deste informe foi cuantificado a estimación total de gasto coa previsión de 16.906.708 aplicando o incremento de tarifa a parte da subvención municipal destinada o usuario (*) cun importe estimado total de 11.689.255,27 € incluíndo os custes da facturación dos servizos de lanzadeiras a Universidade e o Hospital.

A vista da nova proposta de bonificación do 50% sobre as tarifas dos sistemas multivixes aplicados coa tarxeta moedeiro o custe da parte bonificada polo Concello de Vigo do 20 % para o período 1 de xaneiro o 30 de xuño de 2023 e a seguinte:



Concello de Vigo

	Previsión nº viaxes	Importe bonificación Concello S/IVE		Importe bonificación estado S/IVE	
Billete normal -	3.761.702	0,1818 €	683.877,42 €	0,2636 €	991.584,65 €
Billete estudante -	328.372	0,1727 €	56.709,84 €	0,2545 €	83.570,67 €
Billete Pensionista I -	704.408	0,0000 €	- €	0,0000 €	- €
Billete Pensionista II -	1.337.173	0,0000 €	- €	0,0000 €	- €
Billete Universitario -	384.818	0,1364 €	52.489,18 €	0,2000 €	76.963,60 €
Billete social –	20.988	0,1455 €	3.053,68 €	0,2091 €	4.388,49 €
	8.453.354		796.130,12 €		1.156.507,41 €

A vista destes cálculos as obrigas económicas estimadas coa hipótese da previsión de viaxeiros aplicada neste expediente de 16.906.708, así como a aplicación do calculo da previsión para o período de aplicación das bonificacións extraordinarias do 50 % para o período 01/01/2023 o 30/06/2023, ascenden os seguintes importes:

a.- Aplicación das bonificacións base da tarifas para o ano 2023:	9.889.695,00 €
b.- Aplicación dos custes das lanzadeiras Hospital e Universidade	1.800.000,00 €
c.- Aplicación da Bonificación extraordinaria do 20 % do Concello de Vigo para o cumprimento das obrigas derivadas do RD-L 20/2022	796.130,12 €
Total:	12.494.825,13 €

d.- Aplicación da Bonificación extraordinaria do 30 % do Estado para completar a bonificación do 50 % - RD-L 20/2022	1.156.507,41 €
--	----------------

LEXISLACIÓN APLICABLE

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).

O procedemento aplicable para a revisión da tarifa é o establecido no artigo 62 do Prego de condicións que rexe a concesión do transporte urbano colectivo de viaxeiros, aprobado definitivamente en sesión plenaria celebrada en data 26 de maio de 1994.

Así como tamén o disposto no Decreto 2695/77, de 28 de outubro, Decreto 2226/77, de 27 de agosto, Orde de 30 de setembro de 1977, Disposición transitoria primeira do Real Decreto 1947/79, de 3 de agosto e a Orde de 26 de febreiro de 1993.

Real decreto lei 20/2022, do 27 de decembro, de medidas de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra de Ucraína e apoio á reconstrución da illa da Palma e outras situacións de vulnerabilidade.

Tendo en conta o ata aquí exposto, formulase a seguinte informe-proposta para a posterior remisión a Xunta de Goberno Local. Previo informe de Asesoría Xurídica e informe de fiscalización da Intervención Municipal :

INFORME-PROPOSTA:

1) Desestimar a solicitude de dúas novas tarifas de servizos especiais de 2 e 3 euros, polos motivos expostos no presente informe proposta.

2) Desestimar as alegacións presentadas por Viguesa de Transportes S,.L. na data 16 de decembro de 2022 ao informe-proposta formulado polo servizo de transportes na data 28 de decembro de 2022 polos motivos expostos no presente informe-proposta.

3) Aprobar as tarifas do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral da cidade de Vigo, solicitada pola empresa “VIGUESA DE TRANSPORTES, S.L.” para o ano 2023 sendo os prezos a aplicar co IVE incluído, de conformidade cos informes obrantes neste expediente os seguintes

- Prezo billete tarifa ordinaria: **1,49 €** (IVE incluído)
- Prezo coche/qm: **5,6840** (IVE incluído)

4) Remitir o expediente á Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Xunta de Galicia para dar cumprimento ó disposto na normativa vixente en materia de prezos autorizados.

5) A tarifa aprobada para o ano 2023 producira efectos dende o día 1 de xaneiro de 2023 de conformidade co disposto no artigo 62.10 do prego de condicións que rexe a concesión aprobado por acordo plenario de data 26 de maio de 1994 e aplicarase a partir da data da resolución autonómica de autorización das tarifas.

6) Aprobar, con carácter xeral, como prezos da tarifa base subvencionadas para o ano 2023 as seguintes:

	Con IVE		Achega máxima Concello	
	Tarifa base	Tarifa base subvencionada	Diferenza coa tarifa base con IVE	Diferenza coa tarifa base sen IVE
Venta contado	1,49 €	1,49 €	0,00 €	0,0000 €
PassVigo - Billete normal -	1,49 €	0,98 €	0,51 €	0,4636 €
PassVigo - Billete estudante -	1,49 €	0,94 €	0,55 €	0,5000 €
PassVigo - Billete Pensionista I -	1,49 €	0,00 €	1,49 €	1,3545 €
PassVigo - Billete Pensionista II -	1,49 €	0,00 €	1,49 €	1,3545 €
PassVigo - Billete Universitario -	1,49 €	0,74 €	0,75 €	0,6818 €
PassVigo - Billete social –	1,49 €	0,78 €	0,71 €	0,6455 €

Persoas mobilidade reducida que utilicen cadeira de rodas e o seu acompañante	Billete gratuíto
---	------------------



Concello de Vigo

A previsión do gasto derivado dos importes subvencionados os usuarios dos diferentes perfís indicados no cadro anterior, ascende a unha estimación 11.698.695,00 €, en base a hipótese realizada para o ano 2023 cun total de 16.906.708 viaxeiros de pago. Dito gasto será de aplicación os créditos previstos no orzamento 2023 na aplicación 4411.470.00.01.

7) Aprobar o compromiso de implantar os descontos aos que se fai referencia no Real decreto lei 20/2022, do 27 de decembro, relativo ás axudas ao transporte urbano nos termos e contías establecidos para a aplicación final dunha bonificación do 50 %, sobre os importes dos abonos aplicados a través da tarxeta moedeiro PASSVIGO.

a) Aprobar a bonificación para a nova tarifa durante a vixencia das anteditas axudas para o período 01-01-2023 até 30-06-2023:

	Con IVE		Bonificación do 50 %		Nova tarifa subvencionada
	Tarifa base	Nova Tarifa base subvencionada (*)	Bonificación Concello (20%)	Bonificación Estado (30 %)	
Venta contado	1,49 €	1,49 €			Non aplica
PassVigo - Billete normal -	1,49 €	0,98 €	0,20 €	0,29 €	0,49 €
PassVigo - Billete estudante -	1,49 €	0,94 €	0,19 €	0,28 €	0,47 €
PassVigo - Billete Pensionista I -	1,49 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
PassVigo - Billete Pensionista II -	1,49 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
PassVigo - Billete Universitario -	1,49 €	0,74 €	0,15 €	0,22 €	0,37 €
PassVigo - Billete social -	1,49 €	0,78 €	0,16 €	0,23 €	0,39 €

b) Aplicar durante o período transitorio, desde o 1 de xaneiro de 2023 e ata que se reciba a notificación da resolución da autorización autonómica da tarifa, os seguintes importes:

	Con IVE		Bonificación do 50 %		Nova tarifa subvencionada
	Tarifa base	Nova Tarifa base subvencionada	Bonificación Concello (20%)	Bonificación Estado (30 %)	
Venta contado	1,40 €	1,40 €	0,00 €	0,00 €	Non aplica
PassVigo - Billete normal -	1,40 €	0,98 €	0,20 €	0,29 €	0,49 €
PassVigo - Billete estudante -	1,40 €	0,94 €	0,19 €	0,28 €	0,47 €
PassVigo - Billete Pensionista I -	1,40 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
PassVigo - Billete Pensionista II -	1,40 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
PassVigo - Billete Universitario -	1,40 €	0,74 €	0,15 €	0,22 €	0,37 €
PassVigo - Billete social -	1,40 €	0,78 €	0,16 €	0,23 €	0,39 €

c) Unha vez rematada a vixencia das axudas será de aplicación o cadro de tarifas aprobado con carácter xeral para 2023 no apartado anterior.

d) A previsión do gasto derivado dos importes subvencionados os usuarios dos diferentes perfís indicados no cadro anterior, ascende a unha estimación 796.130,12 €, en base a hipótese realizada para o período do 01/01/2023 - 30/06/2023. Dito gasto será de aplicación os créditos previstos no orzamento 2023 na aplicación 4411.470.00.01.

8) Solicitar a axuda contemplada no Real decreto lei 20/2022, do 27 de decembro, relativo a axudas ao transporte urbano nos termos e contías establecidos antes do 31 de xaneiro de 2023 na Sede Electrónica do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. Delegar no Segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da área de Fomento e Servizos, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira a competencia para a formalización da solicitude de subvención regulada polo Real decreto lei 20/2022, do 27 de decembro, relativo a axudas ao transporte urbano nos termos e contías establecidos e de acordo ao compromiso indicado no punto primeiro deste acordo.

Dita delegación alcanza para todos os efectos, a conformación final do contido da documentación obrigatoria, así como a execución de todos trámites administrativos necesarios que requira a presentación da mesma mediante o formulario que para ese efecto se estableza na Sede Electrónica do Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana

9) Dar traslado do presente acordo á concesionaria do servizo de transporte urbano colectivo (Viguesa de Transportes. SL) para que estableza os procedementos necesarios no sistema de cobro a través da tarxeta PASSVIGO, co obxecto de ter operativo o procedemento de cobro coa aplicación da tarifa bonificada polo MITMA para o período comprendido desde o 1 de xaneiro do 2023 ao 30 de xuño de 2023

10) A tarifa aprobada para o ano 2023 producira efectos dende o día 1 de xaneiro de 2023 de conformidade co disposto no artigo 62.10 do prego de condicións que rexe a concesión aprobado por acordo plenario de data 26 de maio de 1994. En consecuencia, unha vez que a administración autonómica autorice a nova tarifa de 1,49 €, se autoriza á concesionaria a facturar ao Concello de Vigo o importe correspondente ao número de viaxeiros de pago polo importe diferencial entre esta, e as restantes tarifas, dende o 1 de xaneiro até a data de aprobación
Dito gasto será de aplicación os créditos previstos no orzamento 2023 na aplicación 4411.470.00.01.

11) Autorizar á concesionaria ao inicio do proceso de adquisición dos vehículos previstos para o ano 2024, previa presentación da memoria técnica e o alcance orzamentario desta adquisición, que deberá ser aprobada polo Concello. A amortización desta inversión será incorporada na revisión tarifaria do ano 2024

12) Dar traslado do presente acordo a empresa concesionaria aos efectos oportunos, informándolle que contra o mesmo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, segundo o preceptuado no artigo 46 Lei da Xurisdición Contencioso-administrativa (lei 29/1998 de 13 de xullo); así mesmo de forma potestativa poderá formularse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás trece horas e corenta e cinco minutos . Como secretaria dou fe.

SGF/me._____

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez